



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CARBALLO

Anuncio de aprobación definitiva do texto articulado da ordenanza municipal reguladora da limpeza, salubridade e hixiene no termo municipal de Carballo (A Coruña)

O Pleno Municipal do Concello de Carballo, en sesión ordinaria celebrada o 28 de maio de 2012, acordou aprobar inicialmente o texto articulado da ordenanza municipal reguladora da limpeza, salubridade e hixiene no término municipal de Carballo.

Sometiuse o expediente a exposición pública por un prazo de 30 días, contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio de aprobación inicial no Boletín Oficial da Provincia, BOP nº 106 do 6 de xuño de 2012, para que os interesados poideran presentar as alegacións que consideren oportunas.

Finalizado o prazo regulamentario non foron presentadas alegacións polo que o texto articulado da ordenanza municipal reguladora da limpeza, salubridade e hixiene enténdese aprobado definitivamente sen necesidade de novo acordo plenario, e entrará en vigor ao día seguinte ao da publicación do anuncio de aprobación definitiva no B.O.P

Carballo, 16 de xullo de 2012

O Alcalde,

D. Evencio Ferrero Rodríguez.

TEXTO ARTICULADO DA ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DA LIMPEZA, SALUBRIIDADE E HIXIENE NO T.M. DE CARBALLO.

Título Preliminar.- Obxecto e fundamento. (art. 1)

Título I.- Da limpeza. (arts 2 a 30)

Capítulo I.- Obxecto e regulación legal. (arts. 2 a 3)

Capítulo II.- Da limpeza viaria. (arts. 4 a 14)

Capítulo III.- Limpeza de edificacións e solares. (art. 15 a art. 30)

Sección Primeira.- Edificacións. (arts. 15 a 19)

Sección Segunda.- Normas aplicables ás parcelas e solares. (arts. 20 a 21)

Sección Terceira.- Procedemento. (arts. 22 a 30)

Título II.- Recollida de residuos. (arts. 31 a 68)

Capítulo I.- Disposicións xerais. (arts. 31 a 36)

Capítulo II.- Presentación e depósito dos residuos e dos recipientes utilizados. (arts. 37 a 46)

Capítulo III.- Tratamento e eliminación dos RSU. (arts. 47 a 49)

Capítulo IV.- Residuos sanitarios. (art. 50)

Capítulo V.- Residuos industriais. (art. 51)

Capítulo VI.- Residuos de construción e de obras menores de reparación doméstica. (art. 52)

Capítulo VII.- Recollidas especiais de mobles, obxectos e outros. (arts. 53 a 54)

Capítulo VIII.- Outras disposicións. (arts. 55 a 56)

Capítulo IX.- Punto Limpo. (arts. 57 a 68)

Sección Primeira.- Disposicións xerais. (arts. 57 a 60)

Sección Segunda.- Xestión. (arts. 61 a 68)

Título III.- Da tenencia de animais. A canceira municipal. (arts. 69 a 96)

Capítulo I.- Obxectivos e ámbito de aplicación. (arts. 69 a 71)

Capítulo II.- Tenencia de animais domésticos. (arts. 72 a 84)

Sección Primeira.- Disposicións xerais. (arts. 72 a 80)

Sección Segunda.- Cans e gatos domésticos. (arts. 81 a 84)

Capítulo III.- Tenencia de animais potencialmente perigosos. (arts. 85 a 87)

Capítulo IV.- Servizo de recollida de animais: a Canceira municipal.

Sección Primeira.- Disposicións Xerais. (arts. 88 a 91)

Sección Segunda.- Normas de xestión. (arts. 92 a 96)

Título IV.- Infraccións e sancións. Procedemento sancionador. (arts 97 a 116)

Capítulo I.- Tipificación de infraccións. Establecemento de sancións. (arts. 97 a 101)

Sección Primeira.- Infraccións en materia de limpeza. Sancións. (arts. 102 a 104)

Sección Segunda.- Infraccións en materia de xestión de RSU. Sancións. (arts. 105 a 106)

Sección Terceira.- Infraccións en materia de animais. (arts. 107 a 109)

Capítulo II.- Procedemento sancionador. (arts. 110 a 116)

Disposición transitoria.

Disposición derradeira

Disposición derogatoria.

O texto integro da Ordenanza aprobada se inserta como Anexo ó presente acordo.

Segundo.- Someter o “Texto articulado da Ordenanza municipal reguladora da Limpeza, Salubridade e Hixiene no término municipal de Carballo” a exposición pública por un prazo de 30 días, contados a partires do día seguinte ao da publicación do anuncio de aprobación inicial no Boletín Oficial da Provincia.

De non se presentaren alegacións durante este prazo, o “Texto articulado da Ordenanza municipal reguladora da Limpeza, Salubridade e Hixiene no término municipal de Carballo” entenderase aprobado definitivamente sen necesidade de novo acordo plenario, e entrará en vigor ao día seguinte ao da publicación do anuncio de aprobación definitiva no B.O.P

Terceiro.- O “Texto articulado da Ordenanza municipal reguladora da Limpeza, Salubridade e Hixiene no término municipal de Carballo” entrará en vigor unha vez publicado o anuncio de aprobación definitiva xunto co seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña e transcorrido o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Cuarto.- Unha vez entrada en vigor a presente Ordenanza, quedarán derogadas as seguintes Ordenanzas municipais:

- a) A Ordenanza Municipal para a tenencia de animais –B.O.P nº 240, do 19/10/2002–.
- b) A Ordenanza Municipal de limpeza –B.O.P nº 181, do 09/08/2005–.
- c) A Ordenanza Municipal de seguridade, salubridade, hixiene, limpeza e ornato de parcelas, solares e edificacións –B.O.P nº 251, do 02/11/2002.
- d) Cantas outras normas municipais contraveñan o nela disposto.

Anexo.

TEXTO ARTICULADO DA ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DA LIMPEZA, SALUBRIDADE E HIXIENE NO TERMO MUNICIPAL DE CARBALLO

Título Preliminar.- Obxecto e fundamento. (art. 1)

Título I.- Da limpeza. (arts 2 a 30)

Capítulo I.- Obxecto e regulación legal. (arts. 2 a 3)

Capítulo II.- Da limpeza viaria. (arts. 4 a 14)

Capítulo III.- Limpeza de edificacións e solares. (art. 15 a art. 30)

Sección Primeira.- Edificacións. (arts. 15 a 19)

Sección Segunda.- Normas aplicables ás parcelas e solares. (arts. 20 a 21)

Sección Terceira.- Procedemento. (arts. 22 a 30)

Título II.- Recollida de residuos. (arts. 31 a 68)

Capítulo I.- Disposicións xerais. (arts. 31 a 36)

Capítulo II.- Presentación e depósito dos residuos e dos recipientes utilizados. (arts. 37 a 46)

Capítulo III.- Tratamento e eliminación dos RSU. (arts. 47 a 49)

Capítulo IV.- Residuos sanitarios. (art. 50)

Capítulo V.- Residuos industriais. (art. 51)

Capítulo VI.- Residuos de construción e de obras menores de reparación doméstica. (art. 52)

Capítulo VII.- Recollidas especiais de mobles, obxectos e outros. (arts. 53 a 54)

Capítulo VIII.- Outras disposicións. (arts. 55 a 56)

Capítulo IX.- Punto Limpo. (arts. 57 a 68)

Sección Primeira.- Disposicións xerais. (arts. 57 a 60)

Sección Segunda.- Xestión. (arts. 61 a 68)

Título III.- Da tenencia de animais. A canceira municipal. (arts. 69 a 96)

Capítulo I.- Obxectivos e ámbito de aplicación. (arts. 69 a 71)

Capítulo II.- Tenencia de animais domésticos. (arts. 72 a 84)

Sección Primeira.- Disposicións xerais. (arts. 72 a 80)

Sección Segunda.- Cans e gatos domésticos. (arts. 81 a 84)

Capítulo III.- Tenencia de animais potencialmente perigosos. (arts. 85 a 87)

Capítulo IV.- Servizo de recollida de animais: a Canceira municipal.

Sección Primeira.- Disposicións xerais. (arts. 88 a 91)

Sección Segunda.- Normas de xestión. (arts. 92 a 96)

Título IV.- Infraccións e sancións. Procedemento sancionador. (arts 97 a 116)

Capítulo I.- Tipificación de infraccións. Establecemento de sancións. (arts. 97 a 101)

Sección Primeira.- Infraccións en materia de limpeza. Sancións. (arts. 102 a 104)

Sección Segunda.- Infraccións en materia de xestión de RSU. Sancións. (arts. 105 a 106)

Sección Terceira.- Infraccións en materia de animais. (arts. 107 a 109)

Capítulo II.- Procedemento sancionador. (arts. 110 a 116)

Disposición transitoria.

Disposición última.

Disposición derogatoria.

TEXTO ARTICULADO DA ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DA LIMPEZA, SALUBRIDADE E HIXIENE NO TERMO MUNICIPAL DE CARBALLO

TÍTULO PRELIMINAR

Artigo 1.- Obxecto e fundamento

A presente Ordenanza ten por obxecto a regulación da limpeza, tanto de espazos públicos, como de inmobles privados con transcendencia na limpeza e no ornato públicos, así coma outros aspectos que, incidentalmente, gardan relación coa hixiene, salubridade e ornato públicos.

Para tales efectos, regula:

- A limpeza de espazos públicos, que abrangue a limpeza viaria, de parques e xardíns, o funcionamento dos servizos municipais de recollida de lixo e residuos sólidos urbanos e do punto limpo.
- A tenza de animais domésticos, para o que se regula, así mesmo, o funcionamento da canceira municipal.
- A limpeza de solares e edificacións privadas con incidencia na limpeza e ornato públicos.

Tal regulación estrutúrase en catro títulos, ademais deste preliminar, cun total de 115 artigos, unha Disposición Transitoria, unha Última e unha Derrogatoria.

TÍTULO I.- DA LIMPEZA

CAPÍTULO I.- OBXECTO E REGULACIÓN LEGAL

Artigo 2.- Obxecto

Os preceptos deste Título teñen por obxecto a regulación no termo municipal, da limpeza das vías e espazos públicos, mercados, praias, solares de propiedade municipal, o que inclúe rego de rúas e prazas e lavado de pintadas, e solares e edificacións de titularidade privada pola incidencia que poidan ter sobre da

Artigo 3.- Normativa subsidiaria

1.- Para o non previsto no presente Título, serán de aplicación as normas estatais e autonómicas referidas aos residuos, á limpeza e ao medio ambiente, ou a calquera outra materia recollida na presente norma.

2.- Rexerán, para todo o especificamente previsto nelas, as ordenanzas municipais reguladoras seguintes:

a) Regulamento do servizo de vertidos ao saneamento, e uso deste.

b) Ordenanza xeral de ocupación do dominio público local con terrazas de hostalaría.

c) Ordenanza municipal reguladora da publicidade exterior mediante valos publicitarios ou carteis.

d) Cantas outras ordenanzas municipais poidan ser aprobadas sobre materias conexas coas contempladas na presente Ordenanza.

CAPÍTULO II.- DA LIMPEZA DA VÍA PÚBLICA

Artigo 4.- Obrigas xenéricas de limpeza

1.- A limpeza da vía pública, entendendo como tal as rúas, glorietas, prazas, zonas axardinadas e espazos públicos en xeral, así como a dos espazos ocupados polos mercados ou feiras, praias, e a recollida dos residuos procedentes desta, será realizada pola administración municipal, ben directamente ou a través das empresas concesionarias do servizo, coa frecuencia e a través das formas que determine o Concello.

2.- A limpeza das rúas e solares de dominio privado deberá efectuarse polos seus propietarios ou propietarias, e deberán respectarse as prescricións contidas nesta Ordenanza.

Artigo 5. Limpeza de predios. Obrigas e prohibicións

A limpeza de solares corresponderalles aos seus propietarios e propietarias, sen prexuízo da obriga de proceder ao seu valado, consonte co previsto no Capítulo III.

Artigo 6. Uso das papeleiras. Obrigas e prohibicións

1.- Prohíbese arroxar á vía pública todo tipo de residuo, como cabichas, cáscaras, papeis ou calquera outro desperdicio similar. Quen transite polas rúas, prazas, xardíns e outros espazos libres públicos e quixese desprenderse de residuos de pequena entidade, como os anteriormente mencionados, utilizarán as papeleiras instaladas para tal fin.

2.- Prohíbese tamén depositar cigarros ou obxectos prendidos en papeleiras ou colectores.

3.- Os usuarios deberán absterse de toda manipulación sobre as papeleiras, movelas, envorcalas ou arrancalas, así como calquera outro acto que deteriore a súa presentación ou as faga inutilizables para o uso para o que están destinadas.

4.- A instalación, mantemento e reposición das papeleiras realizarase ben pola administración municipal ou mediante concesión administrativa por unha empresa privada.

5.- Os danos causados ás papeleiras/colectores que supoñan a necesidade da súa reposición serán sufragados por quen ocasionara o estrago, sen prexuízo das sancións reflectidas na presente ordenanza.

6.- Os danos que se causen, en árbores ou noutro mobiliario urbano, serán así mesmo sufragados polas persoas que os ocasionaran, independentemente das sancións que lles correspondan de acordo con esta ordenanza.

Artigo 7. Uso das vías públicas. Operacións prohibidas

Queda prohibido realizar calquera operación que poida ensuciar as vías e espazos libres públicos e de forma especial:

a) Lavar ou limpar vehículos, así como cambiarlles o aceite e outros líquidos.

b) Manipular ou seleccionar os restrollos ou residuos sólidos urbanos, producindo a súa dispersión, dificultando a súa recollida ou alterando os seus envases.

c) Sacudir prendas ou alfombras na vía pública ou sobre esta, desde ventás, balcóns, etc.

d) Ter roupa tendida na vía pública ou sobre dela.

Artigo 8. Uso das vías públicas en operacións publicitarias

1.- Queda prohibido repartir ou lanzar carteis, folletos ou follas soltas, ensuciando os espazos públicos, así como deixar papeis de propaganda na vía pública ou nas fachadas, a non ser nos lugares destinados explicitamente para tal fin.

2.- Terán a consideración de acto independente para os efectos de sanción as actuacións separadas no tempo ou no espazo contrarias ao establecido no número anterior, e serán responsables das infraccións aquelas persoas físicas ou xurídicas que promovan ou xestionen a publicidade e, no seu defecto e salvo proba do contrario, aquelas en cuxo favor se faga esta publicidade.

3.- No relativo á colocación de valos publicitarios, seguirase o disposto na Ordenanza municipal reguladora da publicidade exterior mediante valos publicitarios ou carteis.

Artigo 9. Uso das vías públicas por actividades hostaleiras e comerciais

1.- Quen estea ao fronte de quioscos ou postos autorizados na vía pública está obrigado a manter limpo o espazo en que desenvolve o seu cometido e as súas proximidades durante o horario en que realiza a súa actividade, e a deixalo no mesmo estado unha vez finalizada esta.

2.- A mesma obriga incúmbelles aos donos de cafés, bares e establecementos análogos, en canto á superficie da vía ou espazo libre público que se ocupe con veladores, cadeiras, etc.; así como á beirarrúa correspondente á lonxitude da súa fachada, e deberá retirar todo tipo de envases, plásticos, papeleiras..., no momento do peche do establecemento, e respectar as demais obrigas contidas na Ordenanza xeral de ocupación do dominio público local con terrazas de hostalaría do Concello de Carballo.

En caso de reiteración, ademais das sancións, procederase á revogación da autorización.

3.- En todo caso, está absolutamente prohibido que os usuarios dos establecementos de hostalaría consuman os produtos neles servidos na vía pública, salvo no caso de que exista autorización para dispor dunha terraza ou velador na vía pública. Neste caso, os envases ou recipientes, así coma os vasos ou análogos, non poderán ser levados fóra do recinto delimitativo da terraza, salvo nas operacións propias do persoal do establecemento para servir ou retirar as consumicións.

4.- Queda terminantemente prohibido consumir bebidas na vía pública se non é nos recintos autorizados anteriormente citados, así coma portar vasos ou recipientes que non se atopen debidamente embalados ou recollidos dentro de bolsas ou outros envases que eviten a súa caída á vía pública. É responsabilidade do establecemento de hostalaría evitar que os envases ou vasos das bebidas saian do seu establecemento sen a debida embalaxe cando non dispoña de terraza ou velador autorizado, así como que os que se sirvan nas terrazas saian do recinto destas.

5.- Quedan exceptuadas da prohibición contida nos parágrafos 3 e 4 do presente artigo aquelas actividades autorizadas polo Concello de Carballo, tales coma concertos, romarías e demais festas populares, sempre que as actividades se realicen dentro dos recintos ou os seus lugares e nas datas de celebración debidamente autorizadas.

6.- Non está permitido abandonar vasos, botellas ou toda clase de recipientes de líquidos na vía pública, se non é nos colectores adecuados ao material do que estean realizados.

Artigo 10. Uso das vías públicas en operacións de carga e descarga

1.- Rematada a carga e descarga de calquera vehículo con observancia das normas que para tales actividades establece a Ordenanza xeral municipal sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial do Concello de Carballo, procederase a limpar as beirarrúas e calzadas que foron ensuciadas durante a operación, e retiraranse da vía pública os residuos vertidos.

2.- Están obrigados ao cumprimento deste precepto os donos dos vehículos e, subsidiariamente, os titulares dos establecementos ou fincas en que fora executada a carga ou a descarga.

Artigo 11. Uso da vía pública por vehículos ao servizo de establecementos

O persoal de establecemento ou industrias que utilicen para o seu servizo vehículos e os estacionen na vía pública, deberá limpar debidamente e coa frecuencia necesaria o espazo ocupado por estes.

Artigo 12. Uso da vía pública por vehículos de obras ou de transporte de determinadas materias

1.- Os propietarios e condutores de vehículos que transportan terras, cascallos, materiais pulverulentos, áridos, formigón, cartóns, papeis ou calquera outra materia similar, deberán tomar cantas medidas sexan precisas para cubrir tales materiais durante o transporte e evitar que, por causa da súa natureza por efecto da velocidade do vehículo ou do vento, caia sobre a vía pública auga, po ou parte dos materiais transportados.

2.- Aos vehículos que se utilicen en zonas de obras, antes de saír á vía pública, deberán limpárselle os baixos e as rodas.

Artigo 13. Uso das vías públicas para depositar cascallos ou residuos de obra

Nas obras que se produzan cantidades de cascallos superiores a 1 m³, deberán utilizarse para o seu almacenamento na vía pública colectores adecuados, para o que se terá que ter a preceptiva autorización municipal.

Artigo 14. Uso da vía pública para paseo de animais domésticos

1.- As persoas que conduzan cans ou outros animais polas vías e espazos públicos, ademais de levalos atados e cumprir os demais requisitos establecidos no Título III desta Ordenanza, deberán levar obrigatoriamente unhas bolsas e un recolledor, ou accesorios similares, para a recollida e limpeza das dexeccións.

O Concello poderá establecer zonas onde levar a cabo estas dexeccións.

2.- As persoas que lles leven en gran cantidade comida ás gaivotas, pombas, gatos ou calquera outra clase de animal, e se lles dean na vía pública, poderán ser sancionadas sempre que non procedan á inmediata limpeza dos residuos que provoque a súa actividade.

CAPÍTULO III.- LIMPEZA DE EDIFICACIÓNS E SOLARES**Sección Primeira.- Edificacións****Artigo 15.- Limpeza de elementos das edificacións. Obrigas e prohibicións**

1.- É obriga das comunidades de propietarios, cando se trate de elementos comúns ou obrigas colectivas, ou, subsidiariamente, cada un dos propietarios ou propietarias do inmovible, e, cando non se trate de réximes de propiedade horizontal ou común, ao propietario, ou, no seu caso, a quen habite os inmobles, ou quen figure coma titular deste nos rexistros municipais segundo os datos que consten no Catastro, cumprir as prescricións previstas nesta Ordenanza.

2.- Os obrigados deberán manter as edificacións nas debidas condicións de seguridade, salubridade, habitabilidade, limpeza e ornato público. Así, entre outras, deberán manter limpas as fachadas, os rótulos que nomean as rúas, os rótulos de numeración, as medianeiras descubertas, os portais e toda clase de entradas, as escaleiras de acceso e toda parte dun inmovible que sexa visible desde a vía pública, e procederán ao seu pintado, remoción ou lavado para manter as condicións de debido ornato da edificación.

3.- Os propietarios dos baixos libres deberán rematalos debidamente con ladrillo ou bloque pintado e, así mesmo, o acceso deberá ter un mínimo de decoro, e non están permitidas as portas de obra.

4.- Queda expresamente prohibido que as persoas que realicen a limpeza dos locais, portais ou edificios, tiren ás beirarrúas ou á calzada os restos ou restrollos que barran dos interiores. Igualmente queda prohibido baldear con auga, xabón ou lixivia da limpeza de interiores a vía pública.

5.- Prohíbese o depósito en pozos, rexistros e na rede de sumidoiros de calquera produto resultante da limpeza urbana.

6.- É obriga dos anteriormente sinalados a realización dos labores de mantemento e limpeza, labores que poderán ser ordenados pola autoridade municipal cando se estime oportuno por motivos de ornato ou seguridade pública. Será precisos, en todo caso, informe previo dos servizos técnicos municipais competentes para poder levar a cabo os devanditos labores.

7.- É, igualmente, obrigado, manter nas debidas condicións de limpeza e salubridade os depósitos, conduccións de toda clase de fluídos ou gases, antenas de todo tipo, patios, e calquera outra instalación complementaria dos inmobles.

8.- Nos supostos recollidos nos apartados precedentes, previo trámite de audiencia aos interesados, o Concello requirirá que, no prazo que se lles sinale, realicen as obras ou operacións necesarias para o restablecemento das condicións esixibles.

9.- O incumprimento do ordenado determinará que, pola falta de limpeza e decoro nos elementos ou partes exteriores do inmovible, se incoe expediente sancionador con imposición de multa pecuniaria, de conformidade co previsto nesta Ordenanza e na lexislación urbanística vixente.

Artigo 16. Realización de operacións de limpeza polos particulares nos seus bens

1.- Cando se realice a limpeza de escaparates, portas, marquesiñas, toldos ou cortinas dos establecementos comerciais adoptaranse as debidas precaucións para non causarlles molestias aos transeúntes nin ensuciar a vía pública e se esta fora ensuciada, os donos do establecemento están obrigados á súa limpeza, e retirarán os residuos resultantes.

2.- Iguais precaucións deberán adoptarse para a limpeza de balcóns e terrazas, así como para o rego das plantas instaladas nestes, o que se permitirá unicamente de 22.00 h a 8.00 h.

Artigo 17. Anuncios ou carteis. Prohibicións de colocación ou destrución

1.- Co obxecto de manter as condicións de limpeza e pulcritude que esixen o ornato e a estética da vila, queda prohibido:

a) Colocar carteis e realizar inscricións ou pintadas en paredes, muros, quioscos, fachadas, farois, enreixados, valos, papeleiras, etc.

b) Esgazar, ensuciar ou arrancar aqueles carteis ou anuncios situados nos lugares ou emprazamentos autorizados para o efecto.

2.- Consideraranse separadamente como actos sancionables as actuacións contrarias ao disposto no punto anterior, en relación cos anuncios ou carteis de calquera contido, fixados en cada inmovible ou demais lugares prohibidos.

Artigo 18. Carteis. Obrigas dos propietarios dos inmobles

1.- Os propietarios ou titulares de inmobles, monumentos, quioscos, etc., coidarán, en cumprimento da obriga establecida no artigo anterior, de manter limpas as paredes e fachadas de calquera tipo de anuncio que non sexa o específico dunha profesión ou actividade mercantil.

2.- Non se permitirá a fixación de carteis ou a execución de inscricións directamente sobre edificios, muros ou outros elementos similares, e será precisa en todo caso, a utilización de soportes externos que cumpran as características que se sinalan na Ordenanza municipal reguladora da publicidade exterior mediante valos publicitarios ou carteis.

3.- Unicamente se permitirá a colocación de carteis ou anuncios nos sitios destinados para este obxecto, sempre que estean amparados pola preceptiva autorización ou licenza, consonte co previsto na Ordenanza municipal reguladora da publicidade exterior mediante valos publicitarios ou carteis..

4.- Cando un inmovible fora obxecto de pintadas ou pegada de carteis, o propietario ou persoa encargada, comunicarllo ao Concello, o cal decidirá se se procede á limpeza por parte da empresa concesionaria do servizo, con cargo á persoa ou empresa responsable da actuación, en caso de ser esta coñecida. Isto sen prexuízo da obriga xenérica de manter por parte dos propietarios a limpeza das fachadas.

Artigo 19.- Publicidade electoral ou asimilada

Durante os períodos electorais legislativos e aqueles outros de xeral participación cidadá nos que sexa pertinente a realización de actos de propaganda e publicidade, o Concello da Carballo adoptará, de conformidade co que se dispoña na respectiva normativa, espazos especialmente reservados para a súa utilización como soportes publicitarios.

Sección Segunda.- Normas aplicables ás parcelas e solares

Artigo 20.- Obrigados

Os propietarios dos terreos deberán mantelos limpos, libres de restos e residuos e nas debidas condicións de hixiene, salubridade, seguridade ornato público. En defecto destes, serán os que figuren coma titulares catastrais os responsables do cumprimento das obrigas establecidas na presente Ordenanza.

Artigo 21.- Obrigas dos titulares

1.- Os propietarios deberán manter os seus predios limpos e libres de residuos.

2.- Os propietarios deberán manter os seus predios libres de animais perigosos ou de potenciais focos infecciosos, e deberán realizar os labores preventivos que sexan precisos para tal efecto.

3.- Os propietarios deberán evitar o crecemento incontrolado de maleza e outros vexetais que lle afecte ás parcelas lindadeiras, así coma controlar as plantacións, aínda que fosen crecementos accidentais, de árbores que poidan invadir os predios veciños ou causarlles calquera clase de perturbación, con respecto á normativa autonómica sobre risco de incendios. En concreto, a maleza ou demais elementos non poderán, en ningún caso, invadir as vías públicas, sexa na superficie ou no seu voo, salvo autorización expresa municipal, que se concederá tan só por motivos de interese natural ou estético e de conservación do patrimonio natural.

4.- Os propietarios de solares ou parcelas que limiten coa vía pública están obrigados, en todo caso, ao seu cerramento exterior, salvo dispensa expresa e motivada outorgada pola autoridade municipal, baseada en motivos de interese público ou de preservación do medio, ou previstas expresamente no planeamento urbanístico. O cerramento deberá ser autorizado polo Concello, previo informe preceptivo dos servizos técnicos municipais competentes, e deberá respectar, en todo caso, o contorno e a estética da zona na que se atope, e cumprir os fins de preservación da seguridade dos peóns e de conservación e respecto ao medio natural.

5.- É potestade do Concello a inspección e realización subsidiaria dos traballos de limpeza aos que se refiren os parágrafos anteriores, sexan solares de propiedade pública ou privada. No caso de execución subsidiaria dos traballos polos servizos municipais, esta farase con cargo ao obrigado e de acordo co disposto nas ordenanzas fiscais, sen prexuízo das sancións que correspondan. Nas fincas afectadas polo planeamento urbanístico, cando os seus propietarios ou pro-

pietarias as tiveran cedido para uso público, o Concello poderá facerse cargo, total ou parcialmente, das obrigas descritas, mentres non se leve a cabo a expropiación.

6.- Se por motivos de interese público fose necesario asumir subsidiariamente as obrigas do propietario, o Concello poderá acceder aos solares de propiedade privada derrubando os valados cando se faga preciso, sen prexuízo de solicitar a correspondente autorización xudicial. O Concello imputaralles aos propietarios os custes do derrubo e reconstrución do valado ou instalación análoga afectada.

Sección Terceira.- Procedemento

Artigo 22.- Da actuación da inspección

1.- Constitúe persoal da Inspección Municipal:

- a) Os axentes e mandos da Policía Local, polo seu carácter de axentes da autoridade.
- b) Os funcionarios e traballadores dos servizos técnicos municipais de obras, urbanismo e da Oficina Técnica Municipal, que, no referido ás prescricións desta Ordenanza, actúan coma axentes da autoridade.
- c) Os funcionarios con atribucións de inspección tributaria, que teñen a consideración de axentes da autoridade, condición que se estende ás funcións derivadas desta Ordenanza.

2.- O persoal da Inspección Municipal poderá inspeccionar de oficio ou a instancia de parte, ou por denuncia pública, os distintos predios do termo municipal, co fin de comprobar o cumprimento das prescricións desta Ordenanza.

Artigo 23.- Modos de iniciación do procedemento

O procedemento inspector axustarase ao establecido no título VI da Lei 30/1992, do 26 de novembro, reguladora do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, na normativa urbanística, e demais normativa que resulte de aplicación, podendo iniciarse de oficio ou a instancia de calquera interesado.

Artigo 24.- Tramitación

1.- O expediente, unha vez iniciado, sexa de oficio ou por instancia de parte, impulsarse de oficio en todos os seus trámites.

2.- Deberán figurar no expediente informes técnicos e xurídicos, e antes de ditar a orde de execución, deberá dársele audiencia ao interesado.

3.- O informe técnico deberá versar sobre os puntos seguintes:

- a) Se existe incumprimento dos deberes establecidos na Ordenanza, á vista dos seus preceptos e da normativa urbanística vixente.
- b) De apreciarse o devandito incumprimento, deberá conter unha descrición detallada das medidas correctoras precisas para manter o predio ou edificación nas condicións de seguridade, salubridade e ornato público que resulten esixibles.
- c) O prazo de execución dos labores para repoñer o predio ou edificación ás condicións esixidas.

4.- A orde de execución fixará, detalladamente, todas as obras para realizar, así coma o prazo máximo para efectualas. Deberase buscar o xeito de realizar as obras da forma menos gravosa para o propietario.

5.- As ordes de execución fixarán o prazo para o cumprimento do ordenado en atención á magnitude e complexidade das obras para realizar.

6.- En ningún caso se poderá ditar orde de execución sen a previa autorización que resulte preceptiva segundo os réximes especiais de protección, vencellamento, ou servidumes legais que lle afecten ao predio ou ao inmovible. Non obstante, cando exista perigo inmediato de danos ás persoas, poderán tomarse medidas excepcionais de protección sen respectar os devanditos límites, por se considerar un interese lexítimo superior a protexer.

Artigo 25.- Execución forzosa e subsidiaria

1.- Transcorrido o prazo concedido para dar cumprimento á orde de execución, o sr. Alcalde, ou órgano ou persoa en quen delegue, procederá a ordenar a execución subsidiaria ou a execución forzosa mediante imposición de multas coercitivas. En todo caso apercibirase, antes de ordenar a execución, o interesado dos efectos do incumprimento da realización das medidas correctoras impostas. O devandito apercibimento poderá incorporarse á notificación da orde de execución á que se refire o artigo anterior.

2.- Para garantir a efectividade da execución forzosa, poderánselle impoñer multas coercitivas ao responsable cun importe que oscilará entre os 300 € e os 3.000 €, xustificando o importe en función das circunstancias que concorran. En ningún caso se poderán impoñer máis de dúas multas coercitivas por cada expediente.

3.- Imposta a primeira das multas, abríraselle ao responsable novo prazo para a realización dos labores ordenados de execución. O devandito prazo será da mesma duración ca o outorgado inicialmente para a execución segundo o previsto no artigo anterior.

4.- Transcorrido o devandito prazo sen que o responsable cumpra a segunda orde de execución, procederá a imposición dunha segunda multa coercitiva. Con esta, abríraselle un novo prazo para a execución dos labores ordenados, por un máximo da metade do inicialmente outorgado.

5.- Unha vez vencido este último prazo, se o responsable non tivera procedido a dar cumprimento á orde de execución, o sr. Alcalde, ou órgano ou persoa en quen delegue, ordenará, mediante resolución a execución subsidiaria dos traballos, sendo o seu custe a cargo do responsable, e respectarase o disposto nos arts. 93 e seguintes da Lei 30/1992.

6.- A imposición das multas coercitivas non impedirá a apertura, no seu caso, do correspondente expediente sancionador.

Artigo 26.- Casos de urxencia ou necesidade

Cando o estado dun predio ou edificación supoña un perigo grave para as persoas ou os bens, no referente ás súas condicións de seguridade, salubridade e/ou hixiene, o sr. Alcalde, ou órgano ou persoa en quen delegue, logo dos informes técnicos preceptivos, poderá acordar, no prazo de 24 horas desde a recepción dos devanditos informes, a execución subsidiaria dos traballos precisos para a desaparición das circunstancias que ocasionen o perigo grave, notificándolle ao responsable á maior brevidade a dita resolución.

Artigo 27.- Interese turístico ou estético

1.- O Concello de Carballo tamén poderá ordenar, por motivo de interese turístico ou estético, a execución de obras de conservación, renovación ou reforma en fachadas ou espazos visibles desde a vía pública, sen que estean previamente incluídas no planeamento.

2.- As obras executaranse a costa dos propietarios se estivesen dentro do límite da obriga de conservación que lles corresponde e, cando rebase aquel límite, con cargo aos fondos da entidade que as ordene para obter melloras de interese xeral.

3.- No caso de incumprimento por parte dos propietarios, seguirase o disposto no art. 24 e seguintes desta Ordenanza.

Artigo 28.- Inmobles incluídos nos catálogos de bens

Os propietarios dos bens incluídos nos catálogos de bens a protexer dos instrumentos urbanísticos terán a obriga de conservalos, e poderán demandar para tal efecto a cooperación das administracións competentes, que deberán prestala en condicións axeitadas cando as obras necesarias excedan dos límites do deber de conservación.

Artigo 29.- Adaptación ao contorno

1.- O sr. Alcalde poderá acordar as obras necesarias para adaptar os inmobles ás condicións do seu contorno, segundo o previsto na normativa urbanística, tales como a conservación e reforma de fachadas ou espazos visibles desde as vías públicas, a limpeza e valado de solares, a retirada de carteis ou outros elementos impropios dos inmobles.

2.- O procedemento para levar a cabo as actuacións a que se refire o número anterior será o que determinan os arts. 21 e seguintes da presente Ordenanza.

3.- As obras sinaladas na orde de execución realizaranse a costa dos propietarios ata o límite legal de conservación.

Artigo 30.- Execución subsidiaria: liquidación do custe

1.- O custe derivado da execución subsidiaria correrá de conta do responsable.

2.- O dito custe satisfarase de acordo co disposto no R.D. 939/2005, do 29 de xullo, Regulamento xeral de recadación, no referente á recadación de débedas en período executivo.

3.- Non obstante, o importe correspondente poderá liquidarse, provisionalmente, antes da execución, a expensas da liquidación definitiva que se dite unha vez realizados os traballos.

4.- O importe do custe da execución subsidiaria determinarase do xeito seguinte:

a) Se os traballos fosen realizados por persoal do Concello, o técnico municipal competente efectuará a súa valoración, e incluírá todos os custes, directos ou indirectos, que orixinase a dita execución subsidiaria.

b) Se os traballos fosen realizados por persoas ou entidades alleas á Administración municipal, o importe do custe ascenderá ao prezo da contratación.

5.- A valoración da execución subsidiaria deberá ser aprobada polo órgano competente, previa fiscalización da Intervención municipal. Seralle notificada ao responsable, que, no prazo de 10 días hábiles, poderá formular cantas alegacións estime oportunas. Na resolución advertiráselle que, de non realizar alegacións, a valoración elevarase a definitiva. Se formulase alegacións, o órgano competente, á vista destas, resolverá segundo estime oportuno, nun prazo máximo de 10 días, solicitando os informes que considere precisos aos servizos municipais.

TÍTULO II.- RECOLLIDA DE RESIDUOS SÓLIDOS

CAPÍTULO I.- DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 31.- Obxecto

A regulación contida neste Título ten por obxecto establecer as condicións de prestacións do servizo de xestión de residuos sólidos urbanos no termo municipal de Carballo.

Artigo 32.- Definicións

1.- A xestión do servizo de recollida domiciliaria de residuos sólidos urbanos e o seu transporte á planta de transferencia levarase a efecto con estrita suxeición á seguinte normativa, enumerada a título meramente enunciativo, ou a posterior que resulte aplicable:

- a) Directiva 94/62/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, de 20 de decembro, relativa aos envases e residuos de envases, que están suxeitos ao principio de reserva de Lei.
- b) Quinto e Sexto programas de Acción Medioambiental da Unión Europea.
- c) Lei 11/1997, de 24 de abril, de envases e residuos de envases.
- d) RD Legislativo 1/2008, de 11 de xaneiro, que aproba o Texto Refundido da Lei de avaliación de impacto ambiental.
- e) Lei 22/2011 de 28 de xullo, de residuos e solos contaminados.
- f) RD 782/1998 de 30 de abril, polo que se aproba o regulamento para o desenvolvemento e execución da Lei 11/1997, de 24 de abril de envases e residuos de envases.
- g) RD 212/2002 de 22 de febreiro, polo que se regulan as emisións sonoras no contorno debidas a determinadas maquinas de uso ao aire libre (BOE num. 52, de 1 de marzo de 2002).
- h) Plan Nacional Integrado de Residuos 2008-2015, de 20 de xaneiro de 2009 do Ministerio de Medio Ambiente e Medio Rural e Marino.
- i) Lei 10/2008, de 3 de novembro, de residuos de Galicia.
- j) Lei 1/1995, de 2 de xaneiro, de protección do medio ambiente de Galicia.
- k) Calquera outra disposición legal aplicable.

2.- Xestión de residuos:

A xestión de residuos defínese como o conxunto de actividades encamiñadas á prevención da produción, e a darlles a estes un destino máis axeitado de acordo coas súas características, co fin de protexer a saúde humana, os recursos naturais e o medio ambiente.

A xestión de residuos comprende:

- a) As operacións de prerrecollida, recollida selectiva, almacenamento, transporte, tratamento e eliminación.
- b) As operacións de transformación precisas para a súa reutilización, a súa recuperación ou a súa reciclaxe.

Para estes efectos, enténdese por:

Residuo: Calquera substancia ou obxecto do que se desprenda o seu posuidor ou posuidora ou teña a obriga de desprenderse en virtude das disposicións en vigor, e comprende os domiciliarios, os comerciais, de oficinas e de servizos, os sanitarios, animais mortos, mobles, apeiros domésticos e vehículos, os industriais, os agrícolas ou procedentes de traballos propios de xardinaría, os de construción e de obras menores de reparación doméstica.

Prevenición: Conxunto de medidas destinadas a evitar a xeración de residuos ou a conseguir a súa redacción, ou da cantidade de substancias perigosas ou contaminantes presentes neles.

Recollida selectiva: Sistema de recollida baseado no uso de diferentes colectores para o depósito de compoñentes específicos dos residuos, clasificados pola súa natureza e composición. O sistema basearase en colectores nos que se deposite un só tipo de residuos, tal como vidro, papel, materia orgánica, etc., ou máis dun, como envases lixeiros (plásticos,

metálicos, tetrabrick). Estes colectores están situados nas rúas do Concello ou en instalacións especiais denominadas parques de reciclaxe ou puntos limpos, instalacións nas que se reciben, previamente seleccionados, certos tipos de residuos domésticos).

Aproveitamento: Todo proceso industrial que teña por obxecto a recuperación ou transformación dos recursos contidos nos residuos, mediante a súa reciclaxe ou a reutilización para o mesmo ou diferente uso.

Tratamento: Conxunto de operacións encamiñadas ao aproveitamento dos recursos contidos nos residuos, e á eliminación das fraccións residuais non válidas para a súa reutilización ou reciclaxe.

Eliminación: Todos aqueles procedementos dirixidos, ben ao almacenamento ou vertido controlado dos residuos, ou ben á súa destrución, total ou parcial, mediante sistemas non daniños para o medio ambiente.

Artigo 33.- Clasificación de residuos

1.- Para os efectos previstos nesta Ordenanza están comprendidos no concepto de residuos sólidos urbanos (en adiante RSU), de conformidade con canto se dispón no art. 4 da Lei 10/1997, do 22 de agosto de residuos sólidos urbanos de Galicia, os seguintes:

- a) Os residuos de orixe doméstico.
- b) Os residuos xerados en comercios, oficinas, e servizos.
- c) Os residuos procedentes da limpeza das vías públicas, zonas verdes, áreas recreativas e praias.
- d) Os residuos procedentes de lonxas, mercados, feiras, festexos, peregrinacións, excursións, acampadas ou actos similares.
- e) Os mobles, aparellos e electrodomésticos desbotados.
- f) Os entullos de construción e obras menores de reparación domiciliaria.
- g) En xeral, todos aqueles residuos dos que a súa recollida, transporte, almacenamento, tratamento, ou depósito controlado corresponda aos municipios de acordo co establecido expresamente na Lei de bases de réxime local e demais disposicións vixentes.

2.- Quedan excluídos do ámbito desta Ordenanza, nos termos que se establecen, os seguintes residuos:

- a) Perigosos: son aqueles que figuran na lista de residuos perigosos, aprobada no Real Decreto 952/1997, así como os recipientes e envases que os contivesen; os que foran cualificados como perigosos pola normativa comunitaria, e os que poida aprobar o Estado de conformidade co establecido na normativa europea ou en convenios internacionais.
- b) Radioactivos.
- c) Os residuos específicos de procesos industriais.
- d) Os residuos resultantes da prospección, extracción, tratamento e almacenamento de recursos minerais e da explotación de canteiras.
- e) As materias fecais e outras substancias naturais non perigosas das explotacións agrícolas e gandeiras que se utilicen exclusivamente no marco da explotación agraria.
- f) Os residuos xerados pola actividade especificamente sanitaria en hospitais, clínicas e ambulatorios.
- g) Os efluentes líquidos vertidos ás augas continentais e ao mar.
- h) Os efluentes gasosos vertidos á atmosfera.
- i) Calquera outra clase de material que se governe por disposicións especiais.

Artigo 34.- Actividade municipal na materia

1.- O Concello, a través da fórmula de xestión que se determine, prestará o servizo público de xestión de residuos sólidos urbanos nos termos previstos nesta Ordenanza, segundo os esquemas organizativos e técnicos que en cada momento estime oportunos. O Concello de Carballo é titular do servizo que preste de forma indirecta, ostentando este servizo en todo momento a cualificación de servizo público municipal, competencia que ten atribuída e que xustifica o control da súa xestión e a inspección do servizo en todo momento.

2.- Sen prexuízo desta actividade de prestación, e no seu apoio, exercerá de policía para dirixir, previr e, no seu caso, sancionar as condutas e accións que afecten ao servizo de que se trata.

3.- A prestación do servizo de xestión de RSU, é dicir, de prerrecollida, recollida e transporte de lixo e o seu tratamento e, en xeral, dos residuos sólidos urbanos, é de recepción obrigatoria.

4.- Exclúense deste servizo obrigatorio, na forma establecida na lexislación vixente e, en concreto, nesta Ordenanza, os residuos de tipo industrial, de construción, sanitarios, contaminados, corrosivos, tóxicos, perigosos, e todos aqueles para os que na súa xestión se esixa a adopción de especiais medidas hixiénicas, profilácticas ou de seguridade.

Artigo 35.- Operacións a realizar cos RSU

A prestación do servizo comprende as seguintes operacións:

- a) Traslado das diferentes fraccións dos residuos e o seu baleirado nos vehículos de recollida.
- b) Devolución, se procede, dos elementos de contención, unha vez baleirados, aos puntos orixinais.
- c) Retirada dos restos vertidos na vía pública como consecuencia destas operacións, ou que previamente estiveran depositados nos arredores dos colectores.
- d) Transporte e descarga das diferentes fraccións dos residuos ás instalacións de tratamento.
- e) Tratamento dos residuos nas instalacións propias ou convidadas que en cada momento determine o Concello.

Artigo 36.- Réxime de propiedade dos RSU

1.- Unha vez depositados os RSU dentro dos colectores ou recipientes establecidos para o efecto, adquirirán o carácter de propiedade do Concello.

2.- Prohíbese seleccionar e retirar para o seu aproveitamento calquera clase de material residual depositado nos colectores situados na vía pública, agás con licenza expresa da administración local.

3.- Ningunha persoa física ou xurídica poderá dedicarse á recollida e aproveitamento dos residuos, a excepción do que se dispón nesta Ordenanza.

CAPÍTULO II.- DA PRESENTACIÓN E DEPÓSITO DOS RESIDUOS E DOS RECIPIENTES UTILIZADOS

Artigo 37.- Forma de presentación

1.- Os usuarios están obrigados a depositar o lixo no interior de bolsas de plástico dificilmente desgarrables e con gramaxe superior a 20 gramos por metro cadrado, como recipientes para o depósito do lixo doméstico, comercial e de oficinas, e deberán ter capacidade suficiente para permitir o seu peche, e cun peso máximo que non excederá de 15 quilogramos.

Nas zonas en que estea implantada ou se implante no futuro a recollida selectiva de materia orgánica, biorresiduos ou envases lixeiros, os residuos depositaranse en bolsas separadas: fracción húmida ou resto, e fracción seca, ou envases. Os outros compoñentes: papel e vidro, depositaranse directamente (sen bolsa) nos colectores específicos para cada tipo de material.

2.- Depositaranse esas bolsas no interior de colectores normalizados, e prohíbese tirar lixo directamente neles.

3.- En calquera caso, prohíbese:

- a) O depósito de lixo que conteña residuos líquidos ou susceptibles de licuarse.
- b) Que en cada colector se depositen máis bolsas de lixo das que permita a súa capacidade, para un peche completo da tapa.
- c) O depósito de residuos diferentes aos establecidos para cada tipo de colector.

Artigo 38.- Limpeza dos colectores

1.- As operacións de conservación e limpeza dos colectores deberán levarse a efecto coa periodicidade precisa.

2.- A limpeza e desinfección de colectores para a fracción resto e envases lixeiros, será realizada periodicamente durante todo o ano (dúas veces no verán, e tres veces distribuídas proporcionalmente no resto do ano, coordinándose, axeitadamente, coa que levan a cabo os servizos de limpeza viaria), e tamén se realizará puntualmente cando algunha circunstancia especial así o determine. Para os outros tipos de colectores será, cando menos, unha vez ao ano.

3.- A limpeza realizarase de acordo coa normativa vixente.

Artigo 39.- Actividades prohibidas

1.- Queda terminantemente prohibido:

- a) O abandono de residuos, e quedan obrigados os usuarios a depositalos nos lugares e horarios establecidos.
- b) Calquera tipo de manipulación de residuos na vía pública que non estea expresamente autorizada polo servizo.

2.- Os infractores que desatendan estas prohibicións están obrigados a retirar os residuos, no seu caso, abandonados, e a limpar a zona que ensuciaran, con independencia das sancións que correspondan.

Artigo 40.- Obrigas do persoal do servizo

1.- A recollida dos residuos sólidos urbanos será efectuada polos operario destinados polo servizo de recollida. Para tales efectos, os recipientes serán colocados no lugar máis próximo ao paso do vehículo de recollida.

2.- O persoal do servizo colector correspondente baleirá o contido dos recipientes no vehículo e depositarán estes, xa baleiros, no lugar onde estaban, sen que lles corresponda, polo tanto, manipulación dos residuos e dos recipientes dentro dos inmobles, públicos ou privados, de onde procedan os devanditos residuos.

Artigo 41.- Condicións e horarios de depósito dos residuos

1.- Depositáranse as bolsas de lixo no seguinte horario: de 20.00 h a 22.00 h, de luns a sábado, incluídos.

Na zona urbana o horario podería ampliarse, previa comunicación pública municipal, así coma tamén aos domingos e festivos, en determinadas datas.

Non está suxeito a horario o uso de colectores cando se depositen neles os restos de varrido e limpeza viaria.

Tampouco está suxeito a horario o uso dos colectores de vidro, papel, envases lixeiros e pilas.

2.- As embalaxes, previa separación dos diferentes materiais, cartón, plásticos, xornais ou similares, situáranse, debidamente pregados para a súa fácil e eficaz manipulación no interior dos colectores establecidos. Prohíbese depositar fóra de tales recipientes as embalaxes, así como non dispoñer cada material no correspondente colector específico situado na vía pública.

3.- Os obxectos de vidro, louza, lata e, en xeral, os constituídos por materiais inorgánicos que poidan provocar feridas e danos ao persoal que os manexe, deberán ser depositados en forma que eviten tales danos e, en todo caso, dentro dos recipientes autorizados.

4.- Os usuarios utilizarán os colectores normalizados para compoñentes específicos: fracción húmida ou resto (tapa cor verde), colector azul (papel), iglú verde (vidro), colector amarelo (envases lixeiros), e os que se especifican coa debida sinalización (pilas, etc.).

Artigo 42.- Utilización de colectores normalizados

1.- Os usuarios, persoas físicas ou xurídicas, comunidades de propietarios ou veciños, asociacións, comerciantes, industriais, etc., nos horarios e condicións establecidos, poderán utilizar os colectores normalizados situados en distintos puntos do termo municipal, ou, no seu caso, solicitar ao Concello ou a través da empresa concesionaria, autorización para a instalación dun propio, respectando o devandito horario e condicións.

2.- Unha vez depositadas as bolsas nos colectores, pecharase a tapa destes.

Artigo 43.- Emprazamento dos colectores

1.- O número e emprazamento dos colectores será determinado polo Concello, tendo en conta as lóxicas indicacións e suxestións recibidas dos usuarios, quen, polo demais, non poderán trasladalos a lugares distintos dos sinalados.

2.- Poderanse establecer vaos e reservas de espazo para a manipulación dos colectores, e prohibírase o estacionamento de vehículos en forma que interfira as operacións de carga e descarga de colectores, así como o desprazamento entre estes.

Artigo 44.- Colectores de uso exclusivo

1.- Nas zonas, locais, industrias ou establecementos onde se asignen colectores de uso exclusivo da actividade, o número de unidades para utilizar será fixado polo Concello, con cargo a tales usuarios.

2.- Cando cumpra, o Concello, ou no seu caso a empresa concesionaria do servizo, previa autorización do Concello, procederá á renovación destes colectores, por deterioro ou outra razón, e imputaráselle o cargo correspondente ao usuario.

3.- Os usuarios que dispoñan de colectores de uso exclusivo e retornable, colocarán os devanditos colectores na beirarrúa, o máis próximo posible da beira, para que sexan recollidos e, unha vez baleirados, serán retirados da vía pública, e seguiranse os horarios establecidos con carácter xeral.

Artigo 45.- Presentación de residuos en rúas interiores

1.- Nas edificacións con amplos patios de rúas, nos que o acceso ao portal do inmovible se abra a eses patios, compre que os vehículos colectores teñan acceso libre a estes. En caso contrario, a propiedade ou administración do conxunto do inmovible encargárase de que os residuos ou recipientes que os conteñan se sitúen en espera do vehículo colector a menos de 10 metros do seu paso.

2.- Nos núcleos interiores con rúas interiores que non permitan a circulación rodada e, por tanto, non poida pasar o vehículo de recollida de residuos, as comunidades de propietarios das fincas ou usuarios en xeral trasladaranos, cos seus

propios medios, debidamente clasificados e en bolsas, aos colectores situados no punto máis próximo ao paso do camión colector, nos termos do parágrafo anterior.

Artigo 46.- Outros supostos

1.- Os establecementos ou locais públicos ou privados que produzan cantidades considerables de residuos sólidos poderán ser autorizados ao transporte destes, cos seus propios medios, aos puntos de transformación e/ou eliminación que indique o Concello ou no seu caso a través da empresa concesionaria, utilizando recipientes ou dispositivos especiais que cumpran a presente Ordenanza.

2.- O Concello, por si ou a través da empresa concesionaria, realizará o correspondente cargo pola transformación ou eliminación destes residuos.

3.- Se unha persoa física ou xurídica, pública ou privada, á que habitualmente se lle retira unha cantidade concreta e específica de residuos, tivese necesidade, por calquera causa, de desprenderse de residuos sólidos en cantidades maiores á anterior e non de forma frecuente, non poderá abandonalos cos residuos habituais, senón que poderá optar por obter a autorización especial á que se refire o número anterior, ou por solicitar a súa retirada particularizada polo servizo de recollida do lixo, responsabilizándose dos gastos que, nun e noutro caso, se orixinen.

CAPÍTULO III.- TRATAMENTO E ELIMINACIÓN DOS RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS

Artigo 47.- Disposición xeral

As instalacións dedicadas ao tratamento, transformación, compostaxe, reciclaxe, incineración ou outras solucións técnicas relativas aos residuos, deberán acomodarse ao disposto na lexislación internacional (europea), estatal, autonómica e local.

Artigo 48.- Prohibicións xerais

1.- Queda prohibido o abandono de cadáveres de animais. O seu tratamento e eliminación axustarase á normativa xeral sanitaria.

2.- Así mesmo, queda prohibido calquera abandono de residuos, entendendo por tal todo acto que teña como resultado deixar incontroladamente materiais residuais no contorno ou medio físico, e as cesións, a título gratuito ou oneroso, de residuos a persoas físicas ou xurídicas que non posúan a debida autorización municipal para o efecto e sexan xestores de RSU.

O servizo poderá recoller os residuos abandonados e eliminalos, imputando o custo destas operacións aos responsables, sen perda da sanción que corresponda nin da esixencia das responsabilidades civís e penais que procedan.

3.- Tamén está prohibida a incineración incontrolada de residuos sólidos, industriais ou de calquera tipo, a ceo aberto.

4.- Finalmente, está prohibido o depósito de entullo e toda clase de residuos urbanos en terreos ou zonas non autorizadas polo Concello, e de residuos distintos aos autorizados, sendo as persoas que os realicen responsables do incumprimento e, no caso de ser transportados por vehículos, os seus ou as súas titulares.

Artigo 49.- Responsabilidades dos usuarios

1.- Os produtores de residuos e usuarios en xeral, que os entreguen para o seu tratamento e/ou eliminación a un terceiro, serán responsables solidarios con este de calquera dano que puidese derivarse. Así mesmo responderán, solidariamente, das sancións que se impoñan.

2.- Dos danos que se produzan nos procesos de tratamento e eliminación, como consecuencia da mala fe na entrega dos residuos ou falta de información sobre as características dos produtos entregados, serán responsables os produtores dos residuos obxecto desta anomalía.

CAPÍTULO IV.- RESIDUOS SANITARIOS

Artigo 50.- Xestión dos residuos sanitarios

1.- Denominaremos abreviadamente como residuos sanitarios aqueles que figuren dentro do Catálogo Europeo de Residuos nos grupos 20.00.00 e 18.00.00 (Decisión da Comisión de 20/12/1993).

Serán os xerados en calquera instalación ou establecemento no que, de forma temporal ou permanente, se desenvolva algunha das seguintes actividades de atención á saúde humana ou de carácter veterinario:

- a) Asistencia sanitaria ao paciente.
- b) Análises, investigación ou docencia.

- c) Obtención ou manipulación de produtos biolóxicos.
- d) Medicina preventiva.
- e) Asistencia veterinaria.

2.- Os residuos sanitarios clasifícanse nos seguintes grupos:

Grupo I: residuos asimilables a urbanos. Son os xerados en actividades non especificamente sanitarias, e que por tanto non presentan ningún risco significativo e non requiren precaucións especiais na súa xestión. Inclúense neste grupo os residuos similares aos domésticos, como o papel, cartón, restos de cociñas e comidas, de xardinaría, oficinas e estancias alleas á actividade sanitaria, ou procedentes de pacientes non infecciosos e non incluídos nos grupos II e III.

Estes residuos, en xeral, non presentan ningún tipo de contaminación específica, nin risco de infección no interior nin no exterior dos centros sanitarios. Están compostos de papel, cartón, metais, vidro, restos de comida, así como outros tipos de residuos que normalmente son xerados en estancias ou áreas dun centro sanitario no que non se realizan actividades propiamente sanitarias, tales como oficinas, comedores, cafetaría, almacéns, salas de espera, etc. Esta clase inclúe tamén os residuos de xardinaría, mobiliario e, en xeral, todos os residuos que, de acordo co artigo 3º, apartados b) e c) da Lei 22/2011 de residuos, se clasifican como residuos domésticos.

Grupo II: residuos sanitarios non específicos. Son os materiais e produtos biolóxicos propios da actividade sanitaria, así como os materiais de contacto cos anteriores e destinados á súa eliminación, que non se inclúen no grupo I. Estes residuos requiren condicións especiais de xestión no interior dos centros sanitarios, e nunca poderán destinarse á reciclaxe.

Trátase, pois, de todo residuo biosanitario que non pertenza a ningún dos grupos de residuos biosanitarios definidos como de grupo III, é dicir, que non se clasifique como sanitario específico.

Inclúe residuos tales como filtros de diálise, medicinas, fármacos, tabuladuras, sondas, vendaxes, gasas, luvas e outros desbotables cirúrxicos, bolsas de sangue baleiras e, en xeral, todo material en contacto con líquidos biolóxicos.

Grupo III: residuos sanitarios específicos.- Son os materiais e produtos biolóxicos propios da actividade sanitaria, así como os materiais en contacto cos anteriores e destinados á súa eliminación que se fosen eliminados directamente sen tratamento previo suporían un risco de infección significativo para as persoas laboralmente expostas ou, a través do medio ambiente, para a saúde pública en xeral.

Inclúense neste grupo:

- a) Residuos infecciosos: son aqueles que, pola posible presenza dalgún axente infeccioso por proceder de pacientes afectados polas citadas infeccións, susceptibles de transmitilas.
- b) Cultivos e reservas de axentes infecciosos e o material de refugallo en contacto con eles.
- c) Agullas e residuos punzantes ou cortantes.
- d) Líquidos corporais, sangue e hemoderivados en forma líquida ou en recipientes e en cantidades superiores a 100 ml.
- e) Restos anatómicos que, pola súa escasa entidade, non se inclúen na normativa da policía sanitaria mortuoria.
- f) Residuos de animais infecciosos e/ou inoculados con axentes infecciosos. Cadáveres, partes do corpo, restos anatómicos e residuos procedentes da súa estabulación.

Grupo IV: cadáveres e restos humanos. De entidade suficiente, procedentes de operacións cirúrxicas; a súa xestión queda regulada polo Decreto 2263/1974, de 20 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de policía sanitaria mortuoria do Estado.

Grupo V: residuos químicos. Residuos caracterizados como perigosos pola súa contaminación química, de acordo co Real Decreto 833/1988, polo que se aproba o Regulamento para a execución da Lei 20/1986, básica de residuos tóxicos e perigosos, e modificado por R.D. 952/1992.

Grupo VI: residuos citotóxicos. Residuos compostos por restos de medicamentos citotóxicos e todo material que teña estado en contacto con eles, que presentan riscos carcinoxénicos, mutaxénicos, tanto no interior como no exterior dos centros sanitarios.

Grupo VII: residuos radioactivos. Residuos contaminados por substancias radioactivas. A súa eliminación é competencia exclusiva da Empresa Nacional de Residuos Radioactivos, Sociedade Anónima (ENRESA), de acordo co Real Decreto 1522/1984.

3.- Sen prexuízo do que de seguido se establece, os centros produtores de residuos sanitarios son responsables da súa xestión. Para estes efectos, cada centro, sexa cal fora a súa tipoloxía legal, deberá nomear unha persoa con formación adecuada para que se responsabilice de todo o relacionado cos residuos producidos.

4.- Compete ao Concello ou no seu caso á empresa concesionaria a recollida dos centros sanitarios dos residuos asimilables aos residuos domésticos (grupo I), que se han depositar nos colectores normalizados para cada clase de compoñente, tal como se establece na presente Ordenanza para todos os RSU.

5.- Os residuos correspondentes aos grupos II e III quedan excluídos dos servizos de recollida municipal, se ben, previo tratamento que elimine as características que os fan perigosos, poderían depositarse nun vertedoiro de RSU ou noutra instalación de eliminación, aínda que nunca destinarse á reciclaxe.

6.- Así mesmo, quedan expresamente excluídos da xestión municipal os residuos sanitarios dos grupos IV ao VII. A súa recollida e eliminación corresponderá ao propio centro, igual que as do apartado anterior.

7.- Só poderán depositarse os residuos catalogados dentro do grupo I nos colectores normalizados destinados á recollida do lixo domiciliario.

CAPÍTULO V.- RESIDUOS INDUSTRIAIS

Artigo 51.- Xestión de residuos industriais

1.- O servizo municipal só está obrigado a xestionar os residuos industriais que sexan asimilables aos residuos domiciliarios e comerciais, e non teñan, dentro desta tipoloxía, a consideración de residuos suxeitos a recollidas especiais, debido ao seu volume, configuración ou composición.

2.- Por iso, compete a cada entidade a xestión dos seus residuos eminentemente industriais, ou refugallos derivados da súa actividade xenuína. Tamén pode optar por entregalos a un xestor autorizado para a súa valorización ou eliminación. En todo caso, está obrigado a manter os residuos, mentres se atopan no seu poder, en condicións axeitadas de hixiene e seguridade.

CAPÍTULO VI.- RESIDUOS DE CONSTRUCCIÓN E DE OBRAS MENORES DE REPARACIÓN DOMÉSTICA

Artigo 52.- Disposición xeral

1.- Inclúense dentro desta sección os residuos procedentes de:

- a) Obras públicas e privadas.
- b) Obras de construción, reforma, rehabilitación, demolición e similares, en edificios públicos e privados.
- c) Obras menores de calquera índole, incluídas as de pequenas reparacións domésticas.

2.- Para os efectos previstos nesta Ordenanza, a xestión deste tipo de residuos non é de prestación obrigatoria municipal, sempre que o seu peso exceda os 40 kg, sen prexuízo da súa actuación en vía de execución subsidiaria e do establecido na presente Ordenanza.

3.- A intervención do Concello a través da empresa concesionaria tenderá a:

- a) Orientar a recollida e eliminación destes residuos.
- b) Evitar o vertido incontrolado ou clandestino destes.
- c) Velar pola hixiene urbana neste ámbito e, fundamentalmente, na súa vertente medioambiental.
- d) Impedir o deterioro dos pavimentos e os restantes elementos estruturais do municipio.

4.- O Concello, directamente ou a través da empresa concesionaria do servizo, sinalará os lugares idóneos para o vertido destes residuos e as condicións en que debe efectuarse, e fomentará o vertido nos lugares que conveñan ao interese público, previa declaración ambiental favorable emitida polo órgano ambiental competente, e posibilitarase así a recuperación de espazos previamente degradados dende o punto de vista medioambiental.

CAPÍTULO VII.- RECOLLIDAS ESPECIAIS E DE MOBLES, OBXECTOS E OUTROS

Artigo 53.- Recollidas especiais

Os refugallos e residuos que, polo seu volume ou configuración, non poidan ser recollidos polo servizo municipal, xestionaranse e eliminaranse, coas salvidades expostas nesta sección, polos seus propios produtores, constituíndo o depósito ou vertedoiros propios legalmente autorizados ou entregándoos ao xestor autorizado.

Artigo 54.- Recollida de obxectos voluminosos e mobiliario

1.- Os cidadáns, cidadás e usuarios que desexen desprenderse de mobles, obxectos ou cousas inútiles, salvo que se trate de obxectos procedentes da propia actividade industrial ou comercial, poderán facelo a través do servizo público, previa solicitude para o efecto. O número máximo de unidades por solicitude e usuario non poderá ser superior a dúas.

2.- Inclúense dentro deste artigo os residuos voluminosos ou de pequeno tamaño pero en gran cantidade, dos que se desprendan os usuarios do servizo sen depositalos co lixo domiciliario.

3.- En todo caso, os interesados terán que levar estes residuos ata vía pública, o día establecido na cita previa, e queda prohibido o seu abandono en calquera outro lugar ou data.

4.- A periodicidade deste servizo será, polo menos, dúas veces por mes.

CAPÍTULO VIII.- OUTRAS DISPOSICIÓNS

Artigo 55.- Recollida selectiva de residuos

1.- Para os efectos da presente Ordenanza, considerarase selectiva a recollida por separado de materiais residuais específicos, compoñentes dos RSU. Nos artigos 36, 40 e 41 deste Título, determínase a forma de utilización dos diferentes colectores para a recollida selectiva das diferentes fraccións.

2.- No exercicio desta actividade, favorecerá as iniciativas tendentes á reutilización e reciclaxe dos residuos, fomentando as súas recollidas selectivas.

3.- Poderán establecerse ademais dos mencionados outros servizos de recollida selectiva de:

- a) Residuos vexetais: xardinaría e poda.
- b) Materia orgánica ou bioresiduos.
- c) Residuos perigosos de fogares.

4.- Os colectores ou recipientes para recollida selectiva quedan exclusivamente reservados para a prestación da recollida de que se trate, e prohíbese o depósito nestes de materiais residuais distintos aos consignados en cada caso, así como a retirada dos devanditos colectores e recipientes destes residuos.

5.- A forma de prestación da recollida selectiva será en colectores específicos normalizados, distribuídos nas rúas, diferentes cores e formas segundo o material para depositar:

a) En todo caso, respectaranse as condicións de depósito establecidas (horario, forma de presentación etc.), para a totalidade dos colectores.

b) No que se refire aos colectores para o papel-cartón, vidro e envases lixeiros, poderanse utilizar ininterrompidamente ao longo do día.

Artigo 56.- Obxectivos e accións

1.- O obxectivo é conseguir que os habitantes do concello adquiren uns “hábitos correctos” que contribúan a mellorar o grao de eficacia que se acada coa prestación dos servizos de recollida selectiva de RSU.

2.- Simultaneamente, o Concello ou, no seu caso, a empresa concesionaria do servizo tratará de que, cada vez, os habitantes posúan unha maior conciencia da necesidade da reciclaxe como o mellor método para respectar e conservar o medio ambiente, e se aumente o grao de colaboración a este respecto.

3.- A información aos usuarios incidirá en:

- a) O correcto uso dos colectores instalados, fundamentalmente no referido ao tipo de residuos e forma de depósito.
- b) O cumprimento da norma establecida: horario, presentación, etc.
- c) A colaboración co traballo do persoal adscrito aos servizos.

d) Informar a todos os cidadáns e cidadás en xeral, e nas escolas en particular, sobre as actuacións encamiñadas á recollida selectiva.

e) Concienciar e motivar sobre a necesidade da separación en orixe, para o seu posterior reciclado, como a mellor maneira de respecto e coidado ao medio.

f) Xerar uns costumes limpos e ecolóxicos duradeiros, a través de campañas publicitarias, de formación e concienciación cidadá relacionadas cos servizos, ata acadar a colaboración da veciñanza.

CAPÍTULO IX.- PUNTO LIMPO

Sección Primeira.- Disposicións xerais

Artigo 57.- Obxecto

Este epígrafe da Ordenanza ten por obxecto regular as condicións de uso, admisión de residuos e funcionamento denominado Punto Limpo.

Artigo 58.- Definicións

1.- A xestión deste servizo levarase a efecto con estrita adecuación á normativa sinalada no título anterior. Para os efectos da presente Ordenanza enténdese por Punto Limpo a instalación pechada e controlada, a titularidade da cal corresponde a unha entidade local, debidamente autorizada para ser destinada á recollida selectiva de residuos urbanos de orixe doméstica que non son obxecto de recollida domiciliaria e na que o usuario ou usuaria deposita os residuos separados para facilitar a súa recuperación, reciclado ou eliminación posterior.

2.- O Punto Limpo, polo tanto, foi creado co obxectivo de servir aos cidadáns e cidadás como centros de achega voluntaria para a recollida selectiva de residuos. Son de aplicación as definicións establecidas no artigo 31.

Artigo 59.- Obxectivos do Punto Limpo

Os obxectivos xerais do Punto Limpo son os seguintes:

- Evitar o vertido incontrolado daqueles residuos que non poden ser eliminados a través dos servizos convencionais de recollida de lixo.
- Fomentar a separación en orixe dos residuos, que se recibirán en distintos colectores, diferenciados entre si.
- Aproveitar os materiais contidos nos residuos, que sexan susceptibles de ser valorizados, conseguindo o maior aforro enerxético e de materias primas e reducíndose o volume de residuos a eliminar.
- Buscar a mellor solución para cada tipo de residuos co fin de conseguir a máxima valorización dos materiais e o mínimo custo na xestión total.
- Evitar a vertedura incontrolada de RCDs de obra menor, no termo municipal.
- Fomentar a implicación e participación da cidadanía nunha xestión dos residuos respectuosa co medio.

Artigo 60.- Horario das instalacións

As instalacións terán un horario de apertura e peche que facilite o acceso dos usuarios aos puntos limpos, que será fixado á entrada do recinto. O devandito horario será como mínimo o establecido no Art. 13 do prego de prescricións técnicas do servizo de recollida de lixo, punto limpo e canceira municipal.

Sección Segunda.- Xestión**Artigo 61.- Tipoloxía de residuos**

1.- No Punto Limpo poderanse depositar, con carácter xeral, os seguintes tipos de residuos nas cantidades admisibles por entrega e día que se especifican no seguinte cadro:

TIPO	MÁXIMO POR ENTREGA	OBSERVACIÓNS
Papel e cartón		Orixe: Produción doméstica e pequeno comercio
Vidro		
Cascallos da obra doméstica	60 kg	Procedentes de obras en domicilios particulares
Plásticos	10 kg	Envases, bolsas e obxectos
Pilas		
Mobles e apeiros de madeira	100 kg	Procedencia doméstica
Colchóns	2 unidades	
Sofás	2 unidades	
Metais ou ferralla	60 kg	De produción doméstica
Electrodomésticos con CFCs	3 unidades	Uso particular
Tubos fluorescentes e lámpadas	2 unidades (particulares)	
Resto de electrodomésticos	3 unidades	
Aerosois	5 kg	
Disolventes, pinturas e vernices		
Aceites minerais e vexetais de uso doméstico	Particulares: 5 kg	
	Profesionais do sector hostaleiro: 5 kg ou fracción superior ata 20 kg	
Baterías e pneumáticos de vehículos	2 unidades	Procedentes de vehículos de uso particular
Téxtiles		
Ordenadores	2 unidades	De procedencia doméstica
Outros: tóner, baterías, teléfonos... Medicamentos, radiografías...	1 kg	De procedencia doméstica

2.- Poderanse recoller os residuos que superen os límites sinalados, sen que en ningún caso cheguen ao dobre dos devanditos límites, podendo, por iso, esixir unha contraprestación económica ao titular dos residuos, consonte se sinala na ordenanza fiscal correspondente.

3.- Mensualmente, cada usuario non poderá exceder do dobre da cantidade permitida por día para cada residuo.

4.- Os residuos cuxa xestión sexa contemplada nunha normativa específica regularase polas disposicións que nesta se estableza, prevalecendo sobre o establecido na presente Ordenanza.

5.- En todo caso, non poderán levarse aos puntos limpos os tipos de residuos, referidos no art. 11 do prego de prescricións técnicas do servizo de recollida de lixo, punto limpo e canceira municipal.

Artigo 62.- Usuarios

1.- Os puntos limpos só poderán ser utilizados polos cidadáns e cidadás particulares, en relación cos seus residuos domésticos; non obstante, tamén poderán acceder a estas instalacións os colectivos cos cales o Concello, en particular, estableza convenios que regulen as condicións de uso, e sempre e cando existan dificultades para a súa xestión por outro sistema, e o volume dos residuos entregados por estes non superen o 20% do total, de cada tipo de residuos xestionados no Punto Limpo

2.- Os devanditos usuarios poderán acceder ao interior das instalacións tanto a pé, como en vehículo particular que non exceda os 3.000 kg de tara.

Artigo 63.- Formas de presentación dos residuos

Para a recepción dos residuos, estes deberán entregarse de acordo a unhas normas de presentación, as cales son:

a) Papel e cartón: as caixas de cartón deberanse abrir e comprimir para reducir o volume dos residuos. Así mesmo, o papel deberase presentar en bolsas ou caixas pechadas para evitar o seu esparexemento.

b) Vidro, fluorescentes e cristais varios: deberán acondicionarse de tal forma que se evite a súa rotura e poida ocasionar riscos de seguridade para as persoas encargadas na manipulación dos residuos.

c) Pilas: deberanse separar os diferentes tipos de pilas, ben sexan de botón, salinas ou alcalinas.

d) Terras e cascallos: debido á natureza destes residuos, deberanse presentar en sacos ou bolsas de plástico, pechados, de 25 quilos como máximo.

e) Aceites vexetais: presentaranse en garrafas ou botellas de plástico. Tomaranse as medidas necesarias para evitar derrames, sobre todo en caso de transvasamentos. Estes residuos non se poderán mesturar con aceite de maquinaria, motores de vehículos ou outra natureza mineral.

f) As baterías de automóviles deberán levar pechados os depósitos que conteñen os ácidos para evitar a súa vertedura e o risco de queimaduras dos operarios que manipulen os devanditos residuos.

g) Poda e restos vexetais: na medida do posible, a lonxitude das ramas non excederá dun metro.

h) Disolventes, pinturas e vernices: prohíbese a mestura de sustancias. Evitarase a súa vertedura, sobre todo en caso de transvasamento de recipientes.

i) Frigoríficos e electrodomésticos con CFC: entregaranse sen que produza rotura do circuíto de refrixeración.

k) Radiografías, gardadas en sobres.

l) Medicamentos, sempre que sexa posible nos seus envases.

Artigo 64.- Almacenamento dos residuos

O almacenamento dos residuos nas instalacións será responsabilidade do xestor do Punto Limpo, de modo que se realizará tendo en conta as seguintes condicións:

1. Levarase a cabo sen poñer en perigo a saúde humana ou o medio.

2. Non se superará a capacidade máxima dos colectores.

3. Cada residuo deberá depositarse no seu colector específico.

4. Os colectores serán de uso exclusivo das instalacións, non permitíndose a súa utilización fóra dos puntos limpos.

Artigo 65.- Destino dos residuos

O destino dos residuos almacenados nas instalacións será responsabilidade do xestor do Punto Limpo, que deberá xestionalos atendendo ás seguintes condicións:

1ª.- Os residuos, en función da súa tipoloxía, ben serán transferidos ao Sistema de Tratamento de RU, ben entregaranse a xestor autorizado.

2ª.- O xestor do Punto Limpo estará en posesión dos correspondentes contratos e documentos de aceptación con aqueles xestores aos cales lles entregue os residuos.

3ª.- Nas instalacións do Punto Limpo disporase dos xustificantes de entrega de residuos a xestor autorizado. Cada xustificante de entrega comprenderá tres exemplares, destinado, cada un, ao xestor do Punto Limpo, ao xestor autorizado ao que se entregan os residuos e á administración competente para a súa inspección.

Artigo 66.- Obrigas dos depositantes de residuos

Son obrigas dos depositantes dos residuos:

- a) Os residuos serán depositados no colector correspondente a cada tipo de residuo que figura (cascallos, plásticos...) de modo que sempre estea limpo o recinto.
- b) Quedará totalmente prohibido o depósito dos residuos fóra das instalacións ou fóra dos colectores propios de cada tipo de residuo.
- c) Os sinais viarios de circulación existentes serán respectadas.
- d) A velocidade dentro do recinto a quedará limitada a un máximo de 10 km/hora.

Artigo 67.- Prohibicións aos usuarios

Quedan prohibidas as seguintes accións:

- a) Depositar residuos non permitidos por esta norma.
- b) Depositar mesturados os diferentes residuos.
- c) Depositar residuos fóra do colector específico.
- d) Depositar cantidades de residuos de carácter perigoso dentro de bolsas ou sacos.
- e) Ocultar residuos de carácter perigoso dentro de bolsas ou sacos.
- f) Abandonar residuos de calquera tipo na porta das instalacións, fora do horario do funcionamento do Punto Limpo.

Artigo 68.- Documentación do Punto Limpo

1.- No Punto Limpo disporase dunha copia da presente Ordenanza, co obxecto de posibilitar a súa consulta a calquera usuario que o solicite.

2.- O Punto Limpo disporá dun Rexistro de incidencias e información interna recollida diariamente, e permanecerán estas en posesión do xestor durante os catro anos seguintes, e quedarán en todo momento a disposición de Administración competente para a inspección dos residuos.

3.- O Rexistro de incidencias e información conterá os seguintes datos:

- a) Numero de visitas diarias.
- b) Datos do posuidor ou produtor que entrega os residuos.
- c) Datos do vehículo que accede ao recinto, se fose o caso.
- d) Data e hora de acceso.
- e) Tipo de residuos achegados por visita.
- f) Cantidade de cada tipo de residuos.
- g) Xestor autorizado a quen se entregarán cada residuo.
- h) Xustificantes das devanditas entregas.
- i) Incidencias.

4.- A información do rexistro remitirase mensualmente, a través de medios electrónicos, ao Concello.

5.- Todos os datos quedan, en todo caso, sometidos ás normas xerais de protección de datos persoais, sen que estes poidan ser empregados para outros fins que os propios do servizo.

6.- As instalacións do Punto Limpo deben permanecer en boas condicións de hixiene e salubridade pública. Para isto, os operarios deben controlar que o depósito de residuos se realice de forma correcta, evitando a caída de residuos fóra dos colectores e retirando calquera material que dificulte o tránsito dos vehículos e o depósito dos residuos.

TÍTULO III.- DA TENENCIA DE ANIMAIS E DA CANCEIRA MUNICIPAL

CAPÍTULO I.- OBXECTIVOS E ÁMBITO DE APLICACIÓN

Artigo 69

1.- Este título ten por obxecto establecer a normativa que regula as interrelacións entre as persoas e os animais domésticos, tanto os de convivencia humana, coma os utilizados con fins deportivos e lucrativos, facendo compatible a proveitosa utilización dos animais polos seres humanos, cos posibles riscos para a hixiene ambiental, a saúde e a seguridade de persoas, animais e bens.

2.- Con esta finalidade a Ordenanza ten en conta tanto as molestias e perigos que poidan ocasionar os animais como o valor da súa compañía para un elevado número de persoas, tal como é o caso da axuda que poidan prestar polo seu adestramento e dedicación, como cans guía, os seus traballos de salvamento e todos os demais nos que os animais domésticos proporcionan aos humanos satisfaccións deportivas ou de recreo.

3.- Quedan excluídos desta Ordenanza, e rexeranse pola súas propias normativas:

- a) A caza.
- b) A pesca.
- c) A protección e conservación da fauna silvestre no seu medio natural.
- d) Os touros e espectáculos taurinos tradicionais.
- e) A gandaría entendida como cría de animais con fins de abastos.

Artigo 70

Para os efectos desta Ordenanza enténdese por:

a) Animais de compañía: os descritos no Decreto 90/2002, de 28 de febreiro, polo que se regula a tenencia de animais potencialmente perigosos na Comunidade Autónoma de Galicia, é dicir, todo animal posuído ou destinado a ser posuído polo home, especialmente no seu fogar, para servir de recreo e como compañeiro.

b) Animal vagabundo: todo animal de compañía que non teña fogar ou se encontre fóra do fogar do seu propietario ou posuidor e non estea baixo un control ou vixilancia.

c) Centro de recollida: establecemento con fins non lucrativos onde os animais de compañía poidan ser recollidos en cantidades considerables.

d) Animais potencialmente perigosos: Con carácter xenérico, considéranse animais potencialmente perigosos todos os que, pertencendo á fauna salvaxe, sendo utilizados como animais domésticos, ou de compañía, con independencia da súa agresividade, pertencen a especies ou razas que teñan capacidade para causar a morte ou lesións ás persoas ou a outros animais e danos ás cousas.

Tamén terán a cualificación de potencialmente perigosos os animais domésticos ou de compañía que regulamentariamente se determinen, en particular os pertencentes á especie canina, incluídos dentro dunha tipoloxía racial, que polo seu carácter agresivo, tamaño ou potencia de mandíbula teñan capacidade de causarlles a morte ou lesións a persoas ou a outros animais e danos ás cousas.

E tamén se entenderá por cans potencialmente perigosos aqueles nos que concorran as seguintes condicións:

- a) Cans que tiveran algún episodio de agresións a persoas ou ataques de certa entidade a animais.
- b) Cans que polas súas características raciais puideran ser aptos para o adestramento, para a garda e defensa e en concreto os pertencentes ás razas seguintes: American Staffordshire Terrier, Pit Bull Terrier, Bullmastif, Dobermann, Dogo Arxentino, Dogo de Burdeos, Dogo do Tíbet, Fila Brasileiro, Mastín Napolitano, Presa Canario, Presa Mallorquino (Ca de Bou), Rottweiler, Staffordshire Bull Terrier, Tosa Inu e Akita Inu.
- c) Tamén serán considerados neste apartado os cruces na primeira xeración destes, cruces destas razas entre si ou cruces destes con outras razas, obtendo unha tipoloxía semellante a algunha das razas anteriormente descritas.
- d) Cans que manifesten unha marcada agresividade natural ou inducida mediante adestramento, malos tratos ou calquera outro medio. A agresividade será apreciada pola autoridade competente, de oficio ou despois de notificación ou denuncia e previo informe dun adestrador ou veterinario designado para o efecto.

Artigo 71

Sen prexuízo do esixido nas demais disposicións que sexan aplicables, estarán suxeitos á obtención de previa licenza municipal nos termos que determina no seu caso o Decreto 133/2008, de 12 de xuño, que regula a avaliación de incidencia ambiental, as actividades seguintes:

a) Os establecementos hípicas, sexan ou non de tempada con instalacións fixas ou non, que garden cabalos para a práctica da equitación con fins deportivos, recreativos, turísticos, dedicados a doma ou picadeiros.

b) Os centros para animais de compañía e os destinados á reprodución, aloxamento temporal ou permanente e/ou subministro de animais para vivir domesticados nas casas, principalmente cans, gatos e aves e outros cánidos destinados á caza e o deporte que se dividen en:

- Lugares de cría: para a reprodución e subministro de animais a terceiros.
- Salóns de mantemento, tales como perruquerías, etc.
- Residencias: establecementos destinados ao aloxamento temporal.
- Canceiras deportivas: establecementos destinados á práctica do deporte en canódromos.
- Mandas: establecementos públicos destinados á garda de animais para a caza.
- Clínicas veterinarias.
- Centros ou agrupacións diversas non comprendidas entre os anteriores. Clasifícanse en:

a) Paxareiras: para a reprodución e/ou subministro de pequenos animais, principalmente pequenas aves, con destino aos domicilios.

b) Provedores de laboratorios: para a produción e/ou subministro de animais con fins de experimentación científica.

c) Zoos ambulantes, circos e entidades asimiladas.

d) Comercios dedicados á venda de animais de acuario ou terrario, como peixes, arácnidos e réptiles.

e) Instalacións dedicadas á cría de animais para aproveitamento das súas peles.

f) Coleccións zoolóxicas privadas ás que fai referencia o artigo 34.2 do Decreto 153/1998, de 2 de abril, que aproba o Regulamento de protección dos domésticos e salvaxes en catividade de Galicia: Cando a tenencia por un particular de animais salvaxes de varias especies zoolóxicas que polas súas características e/ou a súa cantidade poidan comportar un risco sanitario a xuízo dos servizos veterinarios oficiais, considerárase coma unha colección zoolóxica privada.

CAPÍTULO II.- TENENCIA DE ANIMAIS DOMÉSTICOS

Sección Primeira.- Disposicións xerais

Artigo 72

1.- Con carácter xeral autorízase a tenencia de animais de compañía domésticos nos domicilios particulares sitos no núcleo urbano, e está condicionada a súa tenencia a que as circunstancias hixiénicas do seu aloxamento sexan óptimas, á ausencia de riscos no aspecto sanitario e á inexistencia de perigos ou molestias evitables para os veciños ou para outras persoas.

2.- Con tal finalidade, deberán ser retirados dos patios, terrazas, galerías ou balcóns, as aves e animais en xeral cando cos seus sons, gritos ou cantos, lles ocasionen molestias aos ocupantes do inmovible ou inmoibles veciños, e é especialmente esixible esta precaución desde as 24.00 h ata as 8.00 h cando disturben o descanso ou tranquilidade da veciñanza.

3.- Os propietarios ou posuidores de animais estarán obrigados a proporcionarlles unha alimentación suficiente e adecuada ás características de cada animal.

4.- O propietario ou posuidor dun animal estará obrigado a practicarlle as curas adecuadas que precise e proporcionarlle os tratamentos preventivos de enfermidades e as medidas sanitarias preventivas, no seu caso, que a autoridade municipal ou outros organismos competentes dispoñan.

5.- O animais afectados de enfermidades de declaración obrigatoria segundo a Lei de epizootias deberán ser illados, proporcionándolles o tratamento adecuado se este fose posible. No seu defecto, deberán ser sacrificados por métodos eutanásicos que impliquen o mínimo sufrimento e provoquen unha inmediata perda de consciencia. Este precepto será de aplicación tanto aos particulares como a aquelas entidades que ofrezan refuxio a animais perdidos ou extraviados.

6.- O número de animais que poidan aloxarse en cada domicilio ou inmovible poderá limitarse pola autoridade municipal, en base a informes técnicos razoados, atendendo ás características da vivenda e a biomasa dos animais aloxados.

Artigo 73

1.- As vacarías, cortes, cortellos e currais de gando e aves, unicamente se poderán establecer nas zonas rurais do municipio. En todo caso esixirase a tramitación dos expedientes que determina o Decreto 133/2008, de 12 de xuño, da Comunidade Autónoma de Galicia que regula a avaliación de incidencia ambiental, ou normativa que o substitúa, para ga-

rantir, tanto o aspecto hixiénico-sanitario e a adecuación das instalacións, como a inexistencia de incomodidades, molestias ou perigos para os veciños ou outras persoas.

2.- Queda prohibida a cría doméstica de aves de curral, coellos, pombas e outros animais análogos en domicilios particulares dentro do núcleo urbano, tanto se é en terrazas, como en cerrados ou patios, e deberá atermose o establecido nas ordenanzas do plan xeral cando se trate de núcleo rural.

Artigo 74

1.- Queda absolutamente prohibida a entrada e permanencia de animais en toda clase de locais dedicados á fabricación, venda, almacenamento, transporte ou manipulación de alimentos.

Non obstante, en restaurantes, bares, cafetarías e similares, a entrada e permanencia de animais estará condicionada ao criterio do dono do establecemento, sempre e cando non supoña ningún tipo de incomodidade ou molestia para os concorrentes, e será o propietario do animal o responsable dos seus actos.

2.- Prohíbese a circulación e permanencia de cans e outros animais nas piscinas públicas durante a tempada de baño.

3.- Prohíbese a circulación ou permanencia de cans e outros animais nas praias en período estival, entendéndose este o comprendido entre o 1 de xuño e 30 de setembro.

4.- Queda prohibida a entrada de animais en espectáculos públicos deportivos e culturais, así como en recintos de práctica de deportes e de xogos infantís, salvo cando se trate de espectáculos que teñan por obxecto precisamente a exhibición, monta ou doma de animais.

5.- Autorízase o traslado de animais nos medios de transporte público, sempre e cando que o dito traslado se efectúe en cestas ou gaiolas e nos servizos de taxi a criterio do condutor e sempre condicionado, en ambos casos, a que sexan sostidos polos seus donos de forma que non ocupen os asentos.

6.- O transporte de animais en vehículos particulares efectuarase de forma que non poida ser perturbada a acción do condutor nin se comprometa a seguridade do tráfico e de acordo coas normas previstas no Código de Circulación.

Artigo 75

Nos establecementos hoteleiros e pensións, a estancia de animais de compañía estará condicionada a unhas óptimas circunstancias hixiénicas de aloxamento e á inexistencia de calquera tipo de incomodidade e molestias para os residentes, e será o propietario dos animais o responsable dos seus actos e deberá en todo momento presentar a súa identificación acreditativa ante calquera axente da autoridade que o requira.

Artigo 76

Quedan excluídos expresamente do preceptuado nos artigos 73 e 74 os cans guía que poderán circular libremente nos transportes públicos urbanos, así como acceder a calquera tipo de local, sempre que vaian acompañados polos seus amos ou amas e posúan as condicións hixiénico-sanitarias e de seguridade que se contemplan nesta ordenanza.

Artigo 77

1.- As persoas agredidas por animais darán inmediatamente conta do feito ás autoridades sanitarias.

2.- O propietario ou posuidor do animal agresor terá que presentarse ao servizo municipal achegando o documento de identificación e cantos datos lle poidan servir de axuda á persoa lesionada ou aos seus ou súas representantes e ás autoridades sanitarias que o soliciten.

3.- O propietario ou posuidor do animal agresor responderá administrativamente por non ter adoptado as medidas de protección fixadas nesta Ordenanza, e está obrigado a asumir os gastos ocasionados ao municipio pola agresión.

4.- Os animais que agrediran a unha persoa e que, a xuízo dos servizos veterinarios oficiais, poidan ser sospeitosos de transmitir enfermidades infecto-contaxiosas, serán retidos polos servizos municipais, coa colaboración de ser o caso, das asociacións colaboradoras de protección e defensa dos animais, e manteranse en observación veterinaria durante catorce días.

5.- Esta retención e observación poderá levarse a cabo no propio domicilio ou noutra instalación do posuidor do animal.

6.- Os gastos ocasionados pola retención e vixilancia dos animais correrán a cargo do propietario do animal.

Artigo 78

1.- Con carácter xeral, nos espazos públicos os animais deberán circular suxeitos con correa ou cadea, e con colar con identificación do propietario. O uso do bozo será ordenado pola autoridade municipal cando as circunstancias así o aconse-

llen e mentres duren estas. No caso de cans potencialmente perigosos para a presenza e circulación en espazos públicos, será obrigatoria a utilización de correa ou cadea de menos de dous metros de lonxitude, así como un bozo homologado e axeitado para a súa raza, e en ningún caso poderán ser conducidos por un menor de dezaseis anos.

2.- Quen observe a presenza dun animal morto na vía pública poden comunicar tal circunstancia ao servizo municipal competente, co fin de proceder á retirada do cadáver nas condicións hixiénicas necesarias para tal operación.

3.- Queda absolutamente prohibido o abandono na vía pública de cadáveres de calquera especie animal.

Artigo 79

As comunicacións por morte ou desaparición, cambio de domicilio ou transferencia de propiedade dos animais terán que realizarse polos seus propietarios ou propietarias ou posuidores ao servizo correspondente no prazo de 10 días, a contar dende que se produzan os feitos. Os datos dos propietarios gozarán da confidencialidade e a reserva que establece a normativa vixente nesta materia.

Artigo 80

1.- O Concello recollerá os animais abandonados e reteraos ata que sexan reclamados ou sacrificados.

2.- Os animais serán recollidos e albergados na Canceira municipal –nos termos sinalados no Capítulo III deste Título– ou en centros de recollida de animais vagabundos ou abandonados que estean inscritos no Rexistro de Establecementos de Animais Domésticos e Salvaxes en Catividade de Galicia. As instalacións destinadas a albergar cans potencialmente perigosos deberán reunir as medidas de seguridade necesarias para evitar as fuxidas sen producirles danos aos animais.

3.- Os medios para empregar na captura e transporte de animais vagabundos ou abandonados terán as condicións hixiénico-sanitarias e serán adecuadamente atendidos polo persoal cualificado.

Sección Segunda.- Cans e gatos domésticos

Artigo 81

1.- O posuidor dun animal doméstico é responsable da súa protección e coidado así como do cumprimento de todas as obrigas contidas nesta Ordenanza.

2.- Os propietarios ou posuidores de cans e gatos que habitualmente saian do domicilio están obrigados a censalos, así como á súa identificación nos termos previstos nesta Ordenanza, que será de aplicación tanto para as comunicacións por morte e desaparición dos animais censados como para os cambios de propiedade destes.

Artigo 82

1.- Con carácter xeral nos espazos públicos os cans circularán suxeitos con correa e cadea con colar.

2.- Queda absolutamente prohibido que os propietarios ou posuidores de cans deixen as deposicións dos seus animais en parques infantís ou xardíns de uso frecuente por parte dos nenos, así coma nas beirarrúas e zonas de paso de peóns, e en xeral, en toda a vía pública.

3.- As deposicións que se produzan serán recollidas polos propietarios ou posuidores dos cans e colocaranse de maneira hixienicamente aceptable nos colectores de recollida de lixo nos lugares que a autoridade municipal destine expresamente para o devandito efecto. Queda prohibido depositalos en papeleiras públicas ou nas entradas das cloacas da rede de sumidoiros.

4.- Queda prohibido facilitarlle alimento de forma habitual aos cans e gatos vagabundos. Considerarase can ou gato vagabundo o que non teña dono coñecido e en consecuencia, non estea identificado, ou aquel que circule libremente sen a presenza de persoa responsable deste.

Artigo 83

1.- As persoas que utilicen cans para a vixilancia de solares, obras ou calquera outra propiedade, deberanlles procurar alimento, aloxamento, espazo e curas axeitadas, ademais de telos debidamente censados e identificados.

2.- Así mesmo deberán estar baixo a vixilancia e control do dono do inmovible de forma que non poidan causar dano a persoas, outros animais e cousas.

3.- Deberase advertir en lugar visible a existencia dun can de garda.

Artigo 84

1.- Compételle á Alcaldía a responsabilidade superior na defensa e protección dos animais no ámbito do termo municipal.

2.- Os propietarios ou posuidores de cans e gatos domésticos que non desexen continuar ténndoos haberán de entregalos ao servizo municipal encargado da súa recollida ou a unha sociedade protectora.

3.- No caso de grave ou persistente incumprimento por parte dos propietarios ou posuidores de animais domésticos das obrigas establecidas nos artigos precedentes, a autoridade municipal poderá dispor o traslado dos animais a un establecemento axeitado, con cargo a aqueles e adoptar calquera medida adicional que se estime imprescindible.

4.- Cando ingrese un animal doméstico na Canceira Municipal por mandamento das autoridades competentes, a orde de ingreso deberá precisar o tempo de retención á que se debe de someter e a causa desta. O aboamento dos gastos e as taxas orixinadas corresponderánlle ao propietario do animal.

5.- A autoridade municipal poderá ordenar o traslado a outro lugar adecuado dos animais que non cumpran os condicionantes establecidos nos artigos 71 e 72.

CAPÍTULO III.- TENENCIA DE ANIMAIS POTENCIALMENTE PERIGOSOS

Artigo 85.- Licenza

1.- A tenencia de animais potencialmente perigosos requirirá a previa obtención dunha licenza administrativa outorgada polo Concello de residencia do solicitante, ou, con previa constancia nese Concello, polo Concello no que se realiza a actividade de comercio ou adestramento, unha vez verificado o cumprimento de polo menos, os seguintes requisitos:

a) Ser maior de idade e non estar incapacitado para proporcionarlle os coidados necesarios ao animal.

b) Non ter sido condenado por delitos de homicidio, lesións, torturas, contra a liberdade ou contra a integridade moral, a liberdade sexual e a saúde pública, de asociación con banda armada ou de narcotráfico, así como ausencia de sancións por infraccións en materia de tenencia de animais potencialmente perigosos.

c) Certificado de aptitude psicolóxica.

d) Acreditación de ter formalizado un seguro de responsabilidade civil por danos a terceiros. Os donos dos animais potencialmente perigosos subscribirán un seguro de responsabilidade civil cunha cobertura mínima de cento vintecinco mil euros (125.000 euros), que se renovará anualmente, pola súa responsabilidade derivada dos danos que o animal poida causar a terceiros, aínda que o animal fose cedido a outra persoa para o seu coidado.

2.- Esta licenza deberá ser renovada cada cinco anos, coa finalidade de comprobar que o interesado segue cumprindo os requisitos que se lle esixiron para a súa obtención.

3.- A obtención da licenza para a tenencia de animais salvaxes en catividade, considerados como potencialmente perigosos, requirirá, ademais a presentación dunha memoria descritiva das instalacións e das medidas de seguridade utilizadas para impedir a fuxida dos animais. A devandita memoria deberá estar subscripta por veterinarios, biólogos ou outros facultativos superiores ou medios nos que nos seus planos de estudos quede acreditado o coñecemento ou estudo da etoloxía animal.

Artigo 86.- Rexistro

1.- Os titulares da licenza municipal para animais residentes en Carballo deberán inscribirse no Rexistro Municipal de Animais Potencialmente Perigosos, que se establece con esta finalidade no Concello de Carballo, no prazo de 15 días contados a partir da obtención da licenza.

2.- Este rexistro contará, polo menos, cos datos seguintes:

a) Datos persoais do posuidor: nome, enderezo habitual, Documento nacional de identidade e teléfono de contacto.

b) Características do animal que fagan posible a súa identificación: idade, especie, raza, características externas e número de microchip.

c) Lugar habitual de residencia do animal.

d) Funciónptitude do animal (compaña ou garda, defensa, caza).

3.- O Concello remitirá os datos do rexistro municipal ao Rexistro Galego de Identificación de Animais de Compañía e Potencialmente perigosos, no prazo máximo de 15 días, contados dende o momento da inscrición dun animal potencialmente perigoso, o que poderá ser consultado por todas as administracións públicas e autoridades competentes, así como por aquelas persoas físicas ou xurídicas que acrediten ter interese lexítimo no coñecemento dos datos obrantes neste. Para estes efectos considerarase, en todo caso, interese lexítimo o que ostenta calquera persoa física ou xurídica que desexe adquirir un animal destas características.

4.- O Rexistro de Animais Potencialmente Perigosos estará clasificado por especies, e necesariamente haberán de constar, polo menos:

- a) os datos persoais do posuidor;
- b) as características do animal que faga posible a súa identificación, e
- c) o lugar habitual de residencia deste, especificando se está destinado a convivir cos seres humanos ou se, pola contra, ten finalidades distintas como a garda, protección ou outra que se indique.

5.- Incumbe ao titular da licenza a obriga de solicitar a inscrición no Rexistro a que se refire o número anterior, dentro dos quince días seguintes á data na que se obtivera a correspondente licenza da administración competente.

6.- Calquera incidente producido por animais potencialmente perigosos ao longo da súa vida, coñecidos polas autoridades administrativas ou xudiciais, farase constar na folla rexistral de cada animal, que se pechará coa morte ou sacrificio certificado por veterinario ou autoridade competente.

7.- Deberá comunicarse ao Rexistro Municipal a venda, traspaso, doazón, roubo, morte ou perda do animal, o que se fará constar na súa correspondente folla rexistral.

8.- O traslado dun animal potencialmente perigoso dunha comunidade autónoma a outra, sexa con carácter permanente ou por período superior a tres meses, obrigará ao seu propietario ou propietaria a efectuar as inscricións oportunas nos correspondentes rexistros municipais.

9.- Nas follas rexistrais de cada animal farase constar igualmente o certificado de sanidade animal expedido pola autoridade competente, que acredite, con periodicidade anual, a situación sanitaria do animal e a inexistencia de enfermidades ou trastornos que o fagan especialmente perigoso.

10.- As autoridades responsables do Rexistro notificaránlle de inmediato ás autoridades administrativas ou xudiciais competentes, calquera incidencia que conste no rexistro para a súa valoración, e de ser o caso, a adopción de medidas cautelares ou preventivas.

11.- O incumprimento polo titular do animal do preceptuado neste artigo será obxecto da correspondente sanción administrativa, de conformidade co disposto no Título IV desta Ordenanza.

Artigo 87.- Obrigas dos propietarios e posuidores

Os veterinarios, propietarios e posuidores deberán cumprir as obrigas establecidas no art. 7 do Decreto 90/2002, de 28 de febreiro de Galicia.

Obriga de identificación:

1. Os propietarios, criadores ou posuidores de animais aos que se refire a presente Ordenanza terán a obriga de identificar os animais cun microchip nos seus tres primeiros meses de vida ou un mes despois da súa adquisición.

2. A identificación dos animais da especie canina, coa debida garantía, é obrigatoria sen excepcións.

3. Os posuidores dos animais obxecto da presente Ordenanza estarán obrigados a achegar a documentación acreditativa da obtención da licenza e a información prevista no artigo 5.6 do Decreto 90/2002, de 28 de febreiro, ao veterinario actuante, para a súa inscrición neste rexistro:

a) Certificado sanitario, expedido por un veterinario ou veterinaria, que acredite con periodicidade anual, a situación sanitaria do animal e a inexistencia de enfermidades ou síntomas que o poidan facer potencialmente perigoso, así coma unha certificación de que o animal carece de lesións ou cicatrices que puideran estar relacionadas coa utilización do animal en pelexas ou outras actividades prohibidas.

b) Cartilla sanitaria actualizada nos tratamentos preceptivos e preventivos propios da especie e idade. Na cartilla sanitaria figurará a catalogación de animal potencialmente perigoso.

c) Copia da licenza municipal de tenencia de animais potencialmente perigosos, a nome do propietario. Acompañarase de copia da póliza que xustifique ter formalizado o seguro de responsabilidade civil.

d) Datos do centro de adestramento, no seu caso.

e) Incidentes de agresión, no seu caso

Sistema de identificación:

1. A identificación consistirá na implantación dun microchip ou transponder portador dun código alfanumérico de número de díxitos tal que sexa único para cada animal.

2. A marcaxe dos animais realizarase obrigatoriedade por un transponder que se adapte ao establecido no punto seguinte.

3. Os transponders deberán reunir as seguintes características:

- a) Deberán estar programados cun código alfanumérico único que en ningún caso poida ser susceptible de ser modificado.
- b) A estrutura do código alfanumérico que incorporen deberán cumprir co establecido na norma ISO 11.784.
- c) O sistema de intercambio de enerxía entre o dispositivo e o lector deberá cumprir co establecido na norma ISO 11.785.
- d) O tamaño será inferior a 12 milímetros de longo e 2.5 milímetros de ancho.
- e) Estarán dotados dun sistema antimigratorio e o seu recubrimento deberá ser biocompatible.
- f) Presentaranse individual e convenientemente esterilizados en envase que conteña a agulla e o inxector, e incluírá un mínimo de tres etiquetas co código de barras que conteña o código alfanumérico.

En materia hixiénico-sanitaria:

Os propietarios, criadores ou posuidores deberán manter os animais que estean baixo a súa custodia en apropiadas condicións hixiénico-sanitarias e cos coidados e atencións necesarias de acordo coas necesidades fisiolóxicas e características propias da especie ou raza do animal, en cumprimento da Lei 1/1993, de 13 de abril, de protección de animais domésticos e salvaxes en catividade, e do Decreto 153/1998, de 2 de abril, polo que se aproba o regulamento que desenvolve a Lei 1/1993, do 13 de abril, en concreto nos seus capítulos IV, VII y X.

O propietario, posuidor ou criador dun animal que ataque a persoas ou a outros animais causándolles feridas de mordedura, será responsable de que o animal sexa sometido ao recoñecemento dun veterinario ou veterinaria en exercicio libre da profesión, en dúas ocasións dentro dos 15 días seguintes á agresión. Neste recoñecemento o veterinario responsable emitirá un certificado no que conste se o animal presenta ou non síntomas de enfermidade infectocontaxiosa.

En materia de seguridade cidadá:

Os propietarios, criadores ou posuidores de animais potencialmente perigosos terán a obriga de cumprir todas as normas de seguridade cidadá, establecidas na lexislación vixente e na lexislación sobre protección animal de Galicia, de forma que se garanta a óptima convivencia destes animais cos seres humanos e se eviten molestias á poboación.

As instalacións destinadas a albergar animais potencialmente perigosos pertencentes á fauna silvestre alóctona ou exótica precizarán cumprir as medidas de seguridade que eviten a fuxida destes animais. Todas as instalacións destinadas a albergar animais potencialmente perigosos deberán reunir como mínimo as seguintes medidas de seguridade:

- a) As paredes e valados serán suficientemente altos e consistentes e deberán estar fixados co fin de soportar o peso e a presión do animal, evitando fuxidas.
- b) As portas das instalacións deben ser resistentes, e deberán estar deseñadas para evitar que os animais poidan abrir os mecanismos de seguridade, sen producirilles danos.
- c) O recinto estará sinalizado coa advertencia de que se encontra no interior un animal potencialmente perigoso.

As instalacións nas que se alberguen animais potencialmente perigosos deberán reunir as condicións establecidas na normativa sobre protección animal en Galicia, tendo en conta as especificacións técnicas correspondentes a cada especie.

Os concellos, no ámbito da súa competencia, poderán regular as condicións en que se autorice a circulación e estancia dos animais potencialmente perigoso nas rúas, parques e vías públicas, e poderán determinar, por razóns de seguridade e orde pública, as zonas nas que se prohiba a súa estancia e circulación.

CAPÍTULO IV.- SERVIZO DE RECOLLIDA DE ANIMAIS: A CANCEIRA MUNICIPAL

Sección Primeira.- Disposicións xerais

Artigo 88.- Obxecto e ámbito de aplicación

1.- Este capítulo ten por obxecto regular as actividades relacionadas co funcionamento da canceira municipal e do servizo de recollida, transporte e custodia de cans e outros animais domésticos no concello do Carballo.

2.- A canceira municipal do Concello de Carballo foi autorizada e inscrita co nº A/CO/014 no Rexistro de Establecementos de Animais Domésticos e Salvaxes en Catividade de Galicia, Sección Centros de Recollida de Animais Abandonados, por resolución de 18/11/2011 da Xefatura Territorial da Consellería de Medio Rural da Xunta de Galicia

3.- Todos e cada un dos servizos serán prestados con pleno cumprimento da normativa específica vixente ao longo do prazo de duración da contratación e, en particular, ademais do previsto nesta Ordenanza:

- a) Normativa autonómica:

- Lei 1/1993, do 13 de abril, de protección de animais domésticos e salvaxes en cativeiro.
 - Decreto 153/1998, do 2 de abril que aproba o Regulamento que a desenvolve. Decreto 90/2002, do 28 de febreiro, polo que se regula a tenza de animais potencialmente perigosos na Comunidade Autónoma de Galicia e créanse os rexistros de identificación de animais de compañía e potencialmente perigosos e de adestradores caninos.
 - Lei 10/1997, do 22 de agosto, de residuos sólidos urbanos de Galicia.
 - Decreto Galego 174/2005, do 9 de xuño polo que se regula a produción e xestión de residuos e o rexistro xeral de produtores e xestores de residuos de Galicia.
 - Decreto 154/1998, do 28 de maio, polo que se publica o Catálogo de Residuos de Galicia.
- b) Normativa estatal:
- Lei 50/1999 do 23 de decembro, sobre o réxime xurídico da tenencia de animais potencialmente perigosos, desenvolvida polo RD 287/2002.
 - Real decreto 1041/1997 do 27 de xuño, polo que se establecen as normas relativas á protección dos animais durante o seu transporte.
 - Decreto 1119/1975, do 24 de abril de núcleos zoolóxicos e ordenación sanitaria.
 - Orde Ministerial do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, do 28 de xullo de 1980.
 - Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos.
- 4.- Así mesmo e con carácter xeral no relativo ao mantemento das instalacións e proceso de explotación deberanse observar as seguintes:
- Lei 1/1995 de protección ambiental de Galicia.
 - Lei 9/2010 de 4 de novembro de augas de Galicia
 - Orde do 28 de febreiro de 1989 de aceites usados. Regulación da súa xestión.
 - Orde do 13 de xuño de 1990, pola que se modifica a orde do 28 de febreiro de 1989 pola que se regula a xestión de aceites usados.
 - Lei 16/1987, do 30 de xullo, de ordenación dos transportes terrestres.
 - Real Decreto 1211/1990, do 28 de setembro polo que se aproba o regulamento da Lei de ordenación dos transportes terrestres, modificado polo Real Decreto 1830/1999, do 3 de decembro.
 - Resolución da Dirección Xeral de Transporte terrestre do 19 de setembro de 1995.
 - Real Decreto 2822/1998, Regulamento xeral de vehículos.
 - Real Decreto 2042/1994, regula a inspección técnica de vehículos.
 - Real Decreto 3025/1974 sobre contaminación atmosférica, que establece a limitación da producida por vehículos automóbiles.
- 5.- O Concello poderá asinar convenios con outras administracións ou con asociacións de protección e defensa para o desenvolvemento de actividades puntuais relacionadas coa canceira.

Artigo 89.- Definicións

Para os efectos desta regulamentación enténdese por:

- 1.- Animais domésticos: os que pertencen a especies que habitualmente se crían, reproducen e conviven co home.
- 2.- Animais de compañía: os animais domésticos das especies canina e felina, así como os doutras especies que se crían, xeralmente no propio fogar, con obxecto de obter a súa compañía (subespecie de animal doméstico).
- 3.- Animais salvaxes en cativeiro: os que, sendo libres pola súa condición, sexan obxecto de captura no seu medio natural, manténdose nun grao absoluto e permanente de dominación.
- 4.- Animal abandonado: o que circula libremente aínda que estea provisto de identificación oficial, se no prazo de vinte días contados a partir da súa captura non é reclamado por alguén que acredite a súa propiedade.
- 5.- Establecemento: calquera recinto, instalación, edificio ou grupo de edificios, incluíndo anexos e espazos que non estean totalmente pechados ou cubertos, así como instalacións móbiles onde se aloxen, manteñan ou crían animais.
- 6.- Centros de recollida de animais abandonados: son os establecementos que teñen por obxecto a recollida de animais abandonados, facilitándolles no tempo e forma que marque a normativa vixente: aloxamento, alimentación, cuidados e os tratamentos hixienico-sanitarios correspondentes.

Artigo 90.- Obxectivos

1.- Os obxectivos principais da canceira son os seguintes:

- a) Manter aos cans en boas condicións hixienico-sanitarias e realizar calquera tratamento que sexa preciso para o seu benestar ou para a protección da saúde pública.
- b) Facilitar un aloxamento, o cal deberá proporcionar un ambiente axeitado, cómodo e hixiénico.
- c) Proporcionar alimentación, auga e coidados que estean en consonancia coa necesidades fisiolóxicas e coa características propias da especie.
- d) Evitar que os cans accedan libremente ás vías e espazos públicos ou privados, así como impedir o libre acceso a persoas ou outros animais.

2.- Os obxectivos principais do servizo de recollida, transporte e custodia de cans e outros animais domésticos son:

- a) Evitar que os animais deambulen libremente polas vías e espazos públicos no termo municipal do Carballo.
- b) Evitarlles danos ou molestias aos viandantes, así como interferencias no tráfico rodado.
- c) Retirar os animais que agredisen a unha persoa e/ou que poidan ser sospeitosos de transmitir enfermidades infecto-contaxiosas, así mesmo, os que presenten síntomas de agresión física ou desnutrición ou se atopen en instalacións indebidas, os que manifesten un comportamento agresivo e perigoso para ás persoas ou perturben de forma reiterada a tranquilidade e descanso dos veciños.

Artigo 91.- Prestación do servizo

1. - O servizo de recollida, transporte e custodia de cans e outros animais domésticos será de aplicación única e exclusivamente no termo municipal de Carballo.

2. - No caso de emerxencia –cans que representen ou ocasionen un perigo potencial para a saúde e integridade das persoas– poderán permanecer nas instalacións da canceira municipal o tempo estipulado polos técnicos veterinarios.

3.- Os propietarios dos cans –no caso de existiren– faranse cargo da manutención diaria e de todos aqueles gastos que poidan ocasionar, consonte co que se prevea na correspondente ordenanza fiscal.

Sección Segunda.- Normas de xestión**Artigo 92.- Lazaría, transporte e recollida de animais domésticos**

1.- Para a captura dos animais deberán utilizarse métodos axeitados de inmovilización que afecten en menor medida a integridade do animal e, en todo caso, autorizados pola lexislación vixente en materia de benestar animal.

2.- O transporte realizarase en vehículos adaptados para o traslado de animais, que contará con gaiolas e caixóns de transporte para especies pequenas ou medianas. En todos os casos, o transporte realizarase en cumprimento da normativa vixente e en concreto do estipulado no Capítulo VI do Decreto 153/1998 do 2 de abril.

3.- O destino dos animais recollidos será a canceira municipal. En casos puntuais e concretos, aspectos como a especie recollida poderían variar este destino sempre segundo o indicado pola dirección facultativa e atendendo ás normativas sectoriais vixentes.

4.- Cando se trate de animais feridos ou implicados nun accidente de tráfico, o dispositivo de recollida contará coa presenza do veterinario en todo momento. En tal caso, o veterinario actuante decidirá en función do estado do animal o procedemento a seguir e procederá á súa identificación se fose preciso para os servizos de atestados.

5.- Os animais domésticos recollidos e entregados no centro serán dados de alta no rexistro correspondente, xunto cos datos da súa recollida ou captura, para isto deberá cubrirse unha ficha individual indicando a súa especie, raza, sexo, idade e todas as particularidades que permitan a súa identificación.

6.- Os animais recollidos serán colocados en zonas independentes, preferentemente illadas do resto, para proceder ao recoñecemento inicial do estado do animal e á súa desparasitación externa e interna. En todo caso, illaranse os animais enfermos dos sans ata a súa total recuperación. No caso de atopar animais con enfermidades perigosas ou de alto contaxio ou de non ser posible o illamento necesario, considerarase cos servizos veterinarios o seu sacrificio.

7.- Os animais serán vacinados e desparasitados periodicamente segundo a cartilla sanitaria de vacinas, indicada polos servizos veterinarios.

8.- Corresponderalle ao facultativo veterinario, con independencia doutras atribucións xa contempladas ou requiridas por outros organismos competentes, o control hixiénico e a vixilancia sanitaria da instalación e dependencias da Canceira, para o que deberá, entre outras medidas:

- a) Comprobar o estado sanitario dos animais.

- b) Inspeccionar as condicións hixienico-sanitarias da instalación e dependencias da canceira.
- c) Levantar actas como consecuencia das inspeccións dos animais e instalacións.
- d) Levar o control das vacinacións, desparasitacións e chipeado en cada caso.
- e) Emitir informes facultativos sobre o resultado das inspeccións, análises practicadas ou condicionantes do sacrificio.

9.- Os animais rexistrados no centro serán depositados un período de vinte (20) días na canceira. Durante ese tempo o concesionario realizará as tarefas oportunas para localizar o seu propietario ou propietaria. Cando sexa posible a súa identificación, comunicaráselle de xeito comprobable mediante unha notificación por parte da administración correspondente que nun prazo de dez (10) días deberá proceder a recuperalo, logo do pagamento de gastos que orixinase á súa custodia de atención sanitaria e manutención –que se determinarán na correspondente ordenanza fiscal–. Se transcorrese o prazo indicado sen ser retirado o animal, entenderase como abandonado e poderáselle abrir expediente sancionador por abandono ao seu dono ou dona.

10.- Os animais non identificados ou abandonados, poderán ser adoptados pola persoa que o desexe. Os animais dados en adopción, entregaranse debidamente desinfectados, vacinados e identificados mediante o dispositivo homologado oportuno. Estes gastos serán sufragados polos adoptantes nos termos que estableza a correspondente ordenanza fiscal.

11.- Durante a súa estancia, todos os animais serán alimentados diariamente, incluídos os domingos e festivos, en comedeiros limpos e con alimentación especialmente indicada para a especie en cuestión, seguindo en todo caso as indicacións establecidas polo veterinario.

12.- A auga proporcionarase de xeito ilimitado, evitando en todo momento que algún individuo careza dela, agás prescrición veterinaria. Os bebedeiros limpanse como mínimo unha vez ao día.

13.- Estes animais serán ademais mantidos en axeitadas condicións hixiénicas e sanitarias, lavándose e/ou secándose, e rasurándose segundo as indicacións do veterinario. O seu destino dentro do centro dependerá do seu estado sanitario, evitando enfermidades e contaxios. Dentro do servizo de atención veterinaria do centro deberase incluír tamén a revisión polo técnico competente, cunha periodicidade mínima semanal, do estado de cada un dos animais presentes no centro de recollida, para o que se cubrirán os rexistros e as fichas clínicas de cada un deles. Comprobarase, así mesmo, que as tarefas realizadas polo persoal da adxudicataria se realizan dunha forma satisfactoria. Así, o veterinario revisará a correcta realización do programa de profilaxe e sanitario, adaptado para cada especie, e propondrá melloras ou adaptacións precisas para cada momento ou individuo.

14.- Este veterinario tamén deberá visitar as instalacións do centro de recollida cando se precise o tratamento dalgún animal, tanto para o tratamento de feridas como de patoloxías adquiridas, e realizarase a supervisión posterior do caso e da aplicación do tratamento prescrito.

15.- Tras esgotar todos os prazos de adopción, sen que houbese resultados, con interesados ou con entidades protectoras para que se fagan cargo da súa custodia ou cesión, e transcorrido o prazo administrativo indicado para cada caso no Decreto 153/1998 do 2 de abril de protección dos animais domésticos e salvaxes en cativeiro de Galicia, poderase proceder ao seu sacrificio baixo estrito control veterinario e coa debida constancia, indicando data e motivo. Polo tanto, o sacrificio dos animais realizarase, salvo razóns hixienico-sanitarias, cando se intentase, sen éxito a súa adopción.

Artigo 93.- Visitas e adopción de animais

1.- A atención para reclamacións, trámites de adopción de animais e recepción de animais de particulares por imposibilidade de facerse cargo do seu coidado, ou recepción de cadáveres de animais domésticos para a súa xestión final, será realizado polo concesionario cando menos dous días á semana:

- Xoves: dende as 10.00 h a 13.00 h e de 17.00 h a 19.00 h
- Sábado: dende as 10.00 h ata as 13.00 h

2.- O concesionario do servizo, durante o horario establecido, atenderá con corrección todas as visitas que se dirixan á canceira e facilitará a información e os trámites para a adopción dos animais polos que se interesen.

3.- A adopción de animais domésticos da canceira executarase de conformidade co disposto na lexislación vixente no referente aos aspectos hixienico-sanitarios, identificación e tenza de animais.

4.- Os trámites de adopción deberán realizarse nun prazo máximo de corenta e oito (48) horas dende a súa petición, sempre que transcorresen os vinte (20) días de recuperación do animal polo seu lexítimo propietario ou propietaria. Para iso, o concesionario disporá dun impreso de adopción en que figuren as características do animal que se pretende adoptar, o medio de acreditar o cumprimento das obrigas que se establezan na correspondente ordenanza fiscal e as condicións

na que terá lugar a entrega (documentación a subministrarse, chip identificativo, e hora na que terá lugar a entrega no prazo máximo de 48 horas) asinado polo solicitante e o concesionario.

5.- O animal deberá ser entregado, acompañado da documentación regulamentaria, subscrita polo servizo veterinario da canceira, que acredite a:

- a) Idoneidade do animal.
- b) Cartilla de identificación do animal e do novo propietario.
- c) Chip identificativo, no seu caso, e cambio de titularidade correspondente.
- d) Certificado de vacinación e desparasitación.

6.- Os custos de adopción para aboar polos interesados, no xeito sinalado na correspondente ordenanza fiscal, incluírán en cada caso:

- a) Os custos de tramitación.
- b) Os custos de vacinación.
- c) Os custos de desparasitación.
- d) Os custos de identificación (chip) e rexistro de mascotas.

7.- O concesionario conservará no seu arquivo un libro de rexistro das adopcións efectuadas ao longo do ano, no que figurarán, como mínimo: a data de adopción, os datos básicos de identificación do animal e o seu propietario ou propietaria e arquivará copia dos documentos que acrediten a adopción e as condicións hixiénico-sanitarias do animal.

8.- Así mesmo, calquera propietario ou posuidor dun animal que non desexe continuar coa súa tenza poderá entregalo na canceira, e deberá acreditar o pagamento da taxa que estableza a correspondente ordenanza fiscal.

9.- Das adopcións e entregas informarase mensualmente ao Concello de Carballo.

Artigo 94.- Sacrificio e xestión de cadáveres de animais de compañía

1.- Serán motivo de eutanasia: o sufrimento inevitable dun animal, a inviabilidade da súa curación –sen dono– ou en todo caso, o transcurso do prazo administrativo, indicado para cada caso no Decreto 153/1998 do 2 de abril de protección dos animais domésticos e salvaxes en catividade de Galicia. Precisarás ter autorización para a realización destas tarefas, e unicamente poderán ser utilizados os métodos de sacrificio autorizados no artigo 59 do mesmo decreto.

2.- A consellaría competente nesta materia poderá engadir aqueles outros métodos que ao seu xuízo reúnan os requisitos apropiados.

3.- No caso de propietarios que acudan a estes servizos exclusivamente para o sacrificio do animal e/ou eliminación do cadáver, o propietario deberá facerse cargo unicamente dos custos dos materiais de sacrificio e da xestión da eliminación consonte se estableza na correspondente ordenanza fiscal.

4.- En xeral, só se aplicará o sacrificio, cando os procedementos de adopción resulten infrutuosos e resulte inviable, debidamente xustificado, o mantemento do animal por un período de tempo máis extenso aos prazos legais. Tamén se aplicará no caso de animais enfermos ou feridos cuxa recuperación non sexa posible. A selección dos animais a sacrificar, así como o propio sacrificio efectuarase baixo a supervisión dun veterinario ou veterinaria e este será o responsable dos métodos utilizados. A xustificación dos criterios empregados para determinar o sacrificio será detallada individualmente para cada animal mediante un certificado de sacrificio, que se incorporará á listaxe de altas e baixas para presentarlle mensualmente ao Concello de Carballo.

5.- Tamén serán obxecto deste servizo, os cadáveres dos animais recollidos na vía pública e non reclamados, así como os de animais entregados por particulares sufragando os custes do servizo previstos na ordenanza fiscal correspondente. Os animais sacrificados así como os cadáveres recollidos serán xestionados axeitadamente, a través de xestor autorizado, trasladados por transportistas debidamente autorizados ou medios propios, debidamente homologados e que contén cos correspondentes permisos.

6.- Para un mellor control deste servizo e as súas instalacións, o concesionario levará un rexistro actualizado no que se fará constar, entre outros datos de interese:

- a) A data dos días de sacrificios, de ser o caso, e da entrega dos cadáveres para a súa xestión final.
- b) Número de animais sacrificados e de cadáveres entregados ao xestor.
- c) Peso total aproximado destes.
- d) Acreditación do cumprimento das obrigas fiscais establecidas na correspondente ordenanza fiscal.

7.- Deberá acreditarse nese Rexistro o control veterinario efectuado. Esta información seralle subministrada mensualmente ao Concello.

Artigo 95.- Limpeza, mantemento, conservación da canceira e outros

1.- En relación á Canceira Municipal, o adxudicatario deberá cumprir as obrigas sinaladas no Capítulo IV do Decreto 153/1998, do 2 de abril que aproba o Regulamento que desenvolve a Lei 1/1993, do 13 de abril, de protección de animais domésticos e salvaxes en cativeiro, en concreto:

a) Completar se fose preciso a tramitación necesaria para a inscrición da canceira no Rexistro de Animais Domésticos e Salvaxes en Cativeiro de Galicia, como centro de recollida de animais abandonados.

b) A obriga do artigo 43 de levar un libro oficial de rexistro, debidamente dilixenciado pola delegación provincial competente, cos datos de cada animal que entre na instalación. Polo menos, deberá contar con datos de entrada, procedencia, especie, raza, identificador individual, data de baixa, destino, identificación completa e domicilio dos novos posuidores dos animais cedidos en adopción.

c) As obrigas do artigo 44, Capítulo X, certificadas polo veterinario da instalación.

d) As obrigas do artigo 42 do Decreto, referente á alimentación dos animais.

2.- É obriga do adxudicatario a limpeza, mantemento e conservación das edificacións, dependencias e instalacións da Canceira Municipal en condicións hixienico-sanitarias e de uso axeitado á finalidade a que se destinan; deberá cumprir en todo momento coas condicións mínimas sinaladas nos artigos 36.1 e 56 do Decreto 153/1998 e ademais, como mínimo:

a) Servizo de limpeza continuado das instalacións e dependencias, así como os de desinfección, desinsectación e desratización como mínimo cada seis (6) meses, a través de empresa especializada ou con persoal debidamente cualificado, o que deberá acreditarse ante o Concello de Carballo.

b) A limpeza e desinfección do ámbito das instalacións en todo o recinto e dependencias da Canceira.

c) A reposición de consumibles e pequenas reparacións habitualmente necesarias para o bo funcionamento das instalacións, tales como reposición de lámpadas, billas, mecanismos, fechos, etc.

d) Pintura de paredes, muros, reixas, enreixados ou outros elementos das edificacións e/ou instalacións necesarias para a conservación ou mantemento do aspecto visual e a funcionalidade das dependencias e instalacións.

3.- Son obriga expresa do concesionario as actuacións de mantemento técnico-legal, tales como as revisións periódicas legalmente establecidas de todas e cada unha das instalacións eléctricas, de combustible, etc., coa frecuencia que se determina nos regulamentos específicos de aplicación.

4.- Os vehículos de transporte serán tamén sometidos a limpeza, desinfección e desinsectación, así como todos os labores necesarios para mantelos en perfectas condicións de utilización sen riscos de transmisións. Os tratamentos serán levados a cabo con produtos homologados e nas condicións legais establecidas. Do mesmo modo, contarán con todas as autorizacións administrativas para a prestación do servizo.

Artigo 96.- Xestión ambiental das actividades e instalacións

1.- O adxudicatario quedará obrigado á xestión axeitada dos residuos, isto é, os residuos deberán segregarse e xestionarse por conta do adxudicatario segundo a normativa vixente e o Plan de xestión municipal.

2.- Os residuos de cadáveres de animais de compañía ou animais domésticos (RCAD), considerados segundo o artigo 4 do Regulamento (CE) Nº 1774/2002 do Parlamento Europeo e do Consello, do 3 de outubro, como subproduto de material de categoría, deberán ser transportados a unha planta autorizada, de acordo co tal regulamento comunitario, ou destinados a un uso autorizado por este. O transporte deberá realizarse nun vehículo autorizado pola consellaría competente na materia.

3.- Así mesmo, deberá o concesionario realizar unha correcta xestión daqueles residuos especiais que resulten da actividade tales como envases, medicamentos caducados, xiringas desbotables, utensilios de exploración ou aplicación, así como de material cirúrxico (artigo 3.28 da Lei de anidade nimal 8/2003, do 24 de abril), lamas de foxas sépticas procedentes do baleirado da foxa séptica presente no centro de recollida, etc.

TÍTULO IV.- INFRACCIÓNS E SANCIÓN. PROCEDIMENTO SANCIONADOR

CAPÍTULO I.- Tipificación de infraccións. Establecemento de sancións

Artigo 97.- Potestades de control: comprobación e inspección. Denuncia das infraccións

1.- O Concello, a través dos servizos municipais con competencias de inspección e dos axentes da Policía Municipal, denunciará cantas infraccións se produzan en relación coas normas da presente Ordenanza, poñendo en coñecemento dos órganos competentes da entidade local, da Comunidade Autónoma ou da administración do Estado os feitos que supoñan infraccións sobre as que teñan atribuída a competencia.

2.- Igualmente poderá denunciar as infraccións o persoal da/s empresa/s concesionaria/s, nos supostos de xestión directa de cadanseu servizo.

3.- Toda persoa natural ou xurídica poderá denunciar ante o Concello as infraccións da presente Ordenanza.

4.- Os cidadáns, cidadás e usuarios do servizo están obrigados a prestar toda a colaboración ás inspeccións a quen se refire este artigo, co fin de permitir a realización de todo tipo de exames, controis, enquisas, toma de mostras e recollida de información necesaria para o cumprimento da súa misión.

5.- Cando, a xuízo da administración, a infracción puidera ser constitutiva de delito ou falta, o órgano administrativo daralle traslado inmediato ao Ministerio Fiscal, e absterase de continuar o procedemento sancionador en tanto a autoridade xudicial non se teña pronunciado. A sanción penal excluírá a imposición de sanción administrativa.

Artigo 98.- Responsabilidade

1.- As responsabilidades derivadas do incumprimento das obrigas sinaladas na presente Ordenanza serán esixibles non só polos actos propios, senón tamén polos daquelas persoas de quen se deba responder e polo proceder dos animais dos que se sexa propietario.

2.- Tratándose de persoas xurídicas, comunidades de bens, comunidades de veciños ou calquera outro tipo de asociación, teña ou non personalidade xurídica, a responsabilidade será atribuída a estas ou á persoa que legalmente as represente e, para este efecto, as denuncias formularanse contra esta ou, no seu caso, contra a persoa que ostente a súa presentación. O mesmo sucederá cando se trate de depósito de lixo ou de sacudida de alfombras ou prendas á vía pública fóra de hora e non se poida detectar ao infractor ou infractora exacta do edificio, suposto no que se lle notificará ao presidente da comunidade de veciños, e poderá responsabilizarse a esta comunidade da infracción, caso de non comunicar o nome e domicilio do infractor ou infractora.

4.- Cando non sexa posible determinar o grao de participación das persoas, físicas ou xurídicas, que interviñeran na realización da infracción, a responsabilidade será solidaria, sen prexuízo das accións contra dos demais participantes por aqueles que fixesen fronte á responsabilidade común.

Artigo 99.- Medidas complementarias

Por razóns de urxencia e cando concorran circunstancias que afecten á salubridade ou á orde pública na súa vertente de hixiene urbana, poderase proceder á cláusula cautelar ou suspensión da actividade que infrinxa o disposto nesta Ordenanza por acordo motivado, incluíndose dentro destes conceptos a inmovilización dos vehículos, a retirada de colectores, o recinto dos aparatos ou instalacións que provoquen dita afección.

Artigo 100.- Execución subsidiaria

1.- Sen prexuízo da potestade sancionadora establecida neste Título, no caso de incumprimento polos obrigados dos deberes que lles impón a presente Ordenanza, tras requirimento para o efecto, poderase efectuar a execución subsidiaria polo Concello, por conta dos responsables e á marxe das indemnizacións ás que houbese lugar.

2.- Non será necesario requirimento previo, e poderá procederse de modo inmediato á execución cando da persistencia da situación puidera derivarse un perigo inminente para a saúde humana, os recursos naturais ou o medio ambiente.

Artigo 101.- Obriga de repoñer

1.- Os infractores estarán obrigados á reposición ou restauración dos danos producidos que poderá comprender, entre outros, a retirada de residuos, ou a súa xestión, a limpeza da zona afectada, e, en xeral, a execución de cantos traballos sexan precisos para repoñer a situación ao estado previo á comisión da infracción, na forma e condicións fixadas polo órgano que impulsou a sanción .

2.- O responsable das infraccións deberá indemnizar os danos e perdas causadas, sen revestir esta indemnización carácter sancionador e sendo, pois, compatible coa sanción.

Sección Primeira.- Infraccións en materia de limpeza. Sancións**Artigo 102.- Infraccións en materia de limpeza**

1.- Consideraranse infraccións administrativas en relación coas materias ás que se refire o Título I desta Ordenanza, os actos ou omisións que contraveñan o establecido nas normas que integren o seu contido.

2.- As infraccións clasifícanse en leves, graves e moi graves, consonte se establece no artigo seguinte.

Artigo 103.- Tipificación de infraccións en materia de limpeza

1.- Consideraranse infraccións leves:

a) Aquelas que non causen un dano directo e de importancia aos bens de dominio público, e, en concreto, o incumprimento das prescricións contidas na presente Ordenanza que se tipifican no artigo 103.1.A).

b) Calquera outra infracción, cando non estea tipificada como falta grave ou moi grave.

2.- Consideraranse infraccións graves:

a) Terán carácter grave, as accións e omisións que, quebrantando os preceptos da presente Ordenanza, afecten aos bens de dominio público, ou aos bens do servizo e uso público municipal, causándolles un dano directo e de importancia, ou provocando situacións de risco certo e importante, e, en concreto, as previstas no artigo 103.1.B).

b) Os vertidos que ocasionen contaminación no subsolo ou acuíferos.

c) Do mesmo xeito, terá carácter grave a reincidencia e reiteración na comisión de infraccións leves. Para tales efectos, considerarase reincidente á persoa que fose sancionada anteriormente unha ou máis veces polo mesmo concepto nos doce meses anteriores.

3.- Consideraranse infraccións moi graves:

a) A construción ou mantemento de vertedoiros clandestinos.

b) Os vertidos que ocasionen contaminación de acuíferos ou canais que sirvan para o abastecemento de poboacións.

c) Os vertidos que, de acordo cos informes das autoridades sanitarias, carreten perigo para a saúde pública, sen prexuízo das accións penais a que desen lugar.

d) Queimar lixos.

e) A reincidencia na comisión de infraccións graves, sempre que estas non prescribisen.

Artigo 104. Contías das sancións

1.- A comisión de infracción do previsto na presente Ordenanza levará aparellada a imposición das seguintes sancións, consistentes en multa pecuniaria:

A.- Infraccións leves:

Conduta infractora:	Multa:
Se, por falta de limpeza dos predios, sobresaíran destes á vía pública calquera clase de silveiras, mirtos, matogueiras, ou outra vexetación	90 €
Arroxar á vía pública todo tipo de residuo, como cabichas, cáscaras, papeis ou calquera outro desperdicio similar, sen utilizar as papeleiras	50 €
Depositarse cigarros ou obxectos prendidos en papeleiras ou colectores	120 €
Lavar ou limpar vehículos, así como cambiarlles líquidos (distintos de aceites ou combustibles) na vía pública, sempre que non sexa infracción grave	150 €
Manipular ou seleccionar os restos ou residuos sólidos urbanos, producindo a súa dispersión, dificultando a súa recollida ou alterando os seus envases	150 €
Sacudir prendas ou alfombras na vía pública ou sobre esta, desde ventás, balcóns, etc., ter roupa tendida na vía pública ou sobre ela	90 €
Non manter limpo o espazo sito fronte a quioscos ou postos, ou os espazos ocupados por terrazas, veladores, etc	90 €
Pasear pola vía pública cun animal sen levar consigo unhas bolsas e un recolledor, ou accesorios similares, para a recollida e limpeza das dexeccións	50 €
Non proceder á inmediata limpeza dos residuos que provoque a actividade das persoas que lles leven en gran cantidade comida ás gaivotas, pombas, gatos ou calquera outra clase de animal, cando se lles dean na vía pública	120 €
Tirar ás beirarrúas ou á calzada os restos ou restos que barran dos interiores nas operacións de limpeza de locais, portais ou edificios	90 €
Baldear con auga, xabón ou lixivia da limpeza de interiores á vía pública	90 €
Non adoptar as debidas precaucións na limpeza de escaparates, portas, marquesiñas, toldos ou cortinas dos establecementos comerciais cando isto lles provoque molestias aos transeúntos ou ensucie a vía pública, ou proceder á limpeza de balcóns e terrazas, así como para o rego das plantas instaladas nestes fóra dos horarios permitidos	120 €
Esgazar, ensuciar ou arrancar aqueles carteis ou anuncios situados nos lugares ou emprazamentos autorizados para o efecto	90 €
Depositarse os residuos sólidos urbanos (con bolsa) fóra dos colectores	90 €
Consumir ou portar bebidas ou produtos servidos en establecementos de hostalaría na vía pública fóra das terrazas ou veladores autorizados	50 €
Portar vasos ou recipientes pola vía pública que non se atopen debidamente embalados ou recollidos dentro de bolsas ou outros envases que eviten a súa caída á vía pública	50 €
Cando un establecemento hostaleiro non tome as medidas conducentes a evitar que os envases ou vasos das bebidas saian do seu establecemento sen a debida embalaxe cando non dispoña de terraza ou velador autorizado, así como que os que se sirvan nas terrazas saian do recinto destas	150 €
Abandonar vasos, botellas ou toda clase de recipientes de líquidos na vía pública, se non é nos colectores adecuados ao material do que estean realizados.	90 €

B) Infraccións graves:

Realizar calquera clase de manipulación sobre as papeleiras, movelas, envorcalas ou arrancalas, así como calquera outro acto que deteriore a súa presentación ou as faga inutilizables para o uso para o que están destinadas	250 €
Causar danos en árbores ou noutro mobiliario urbano	250 €
Cambiarlles o aceite ou líquidos inflamables aos vehículos na vía pública	300 €
Repartir ou lanzar carteis, folletos ou follas soltas, ensuciando os espazos públicos, así como deixar papeis de propaganda na vía pública ou nas fachadas, a non ser nos lugares destinados explicitamente para tal fin, ou colocar publicidade nos parabrisas dos vehículos estacionados ou detidos na vía pública	300 €
Non proceder á limpeza das beirarrúas e calzadas que foran ensuciadas durante as operacións de carga e descarga, retirando da vía pública os residuos vertidos	250 €
O incumprimento da obriga establecida nos arts. 10.1 e 11.1, cando provoque o vertido ás vías públicas de carga	300 €
Non limpar os baixos e/ou rodas dos vehículos que operen en zona de obras antes de saíren á vía pública	250 €
O depósito en pozos, rexistros e na rede de sumidoiros de calquera produto resultante da limpeza urbana	250 €
Colocar carteis e realizar inscricións ou pintadas en paredes, muros, quioscos, fachadas, farois, enreixados, valos, papeleiras, etc	300 €
Depositar os residuos de obra nos colectores de lixo común	450 €
Non retirar os colectores de obra nas datas e horario establecido	300 €
Colocar na vía pública obxectos para reserva de espazo	300 €
O abandono de vehículos nas vías públicas	350 €
Ter como expositores na vía pública vehículos ou calquera outro dispositivo, así como utilizar a vía pública como exposición de alimentos ou materiais	250 €

2.- Nos casos de infraccións que non estean especificamente contempladas nas táboas anteriores, sancionaranse, de acordo coa súa natureza, coas contías previstas no art. 40 da Lei 10/1997, de Galicia, se constituísen algunha das infraccións alí tipificadas, e, no seu defecto, cos importes seguintes, consonte ao previsto no Tít. XI da Lei 7/1985:

Infraccións leves: multa pecuniaria de ata 750 €.

Infraccións graves: multa pecuniaria de ata 1.500 €.

Infraccións moi graves: multa pecuniaria de ata 3.000 €.

3.- Para determinar a contía da sanción, nos casos en que esta deba ser graduada segundo o parágrafo anterior, estarase ao disposto no artigo 112.

Sección Segunda.- Infraccións en materia de xestión de RSU. Sancións

Artigo 105.- Infraccións

1.- As infraccións que se cometan contra o disposto nesta Ordenanza e a normativa ou actuacións derivadas dela clasifícanse en leves, graves e moi graves.

2.- Son infraccións leves:

A) O incumprimento, activo ou pasivo, dos requirimentos que na orde á preservación da hixiene urbana se efectúen, sempre que pola súa entidade non estea tipificado como falta grave ou moi grave.

B) Os leves descoidos ou omisións co servizo, sen especial transcendencia na xestión dos residuos ou as actividades reguladas nesta Ordenanza.

C) O incumprimento, activo ou pasivo, dos preceptos desta Ordenanza que non constitúan falta grave o moi grave.

3.- Son infraccións graves:

A) A obstrución, activa o pasiva, a actividade municipal na materia obxecto desta Ordenanza.

B) A negativa dos produtores ou detentores de desperdicios ou residuos sólidos á súa posta a disposición do servizo ou con manifesta infracción do disposto nesta Ordenanza.

C) O incumprimento do deber de xestión dos residuos polos interesados, cando non sexa competencia do Concello a realización desta.

D) O vertido incontrolado fóra dos lugares establecidos para o efecto, sempre que constituía un risco grave para as persoas e os seus bens, os recursos naturais e o medio ambiente.

E) O incumprimento, activo ou pasivo, das prescricións desta Ordenanza cando pola súa entidade comporte unha afección grave á hixiene urbana.

F) A exhibición á autoridade ou aos seus axentes da documentación falsa relativa ao servizo ou o ocultamento dos datos obrigados a subministrar polos prestadores ou usuarios deste.

G) A reincidencia en faltas leves.

4.- Son faltas moi graves:

a) O incumprimento, activo ou pasivo, das prescricións desta Ordenanza cando pola súa entidade comporte unha afección moi grave ou irreversible á hixiene urbana.

b) O vertido incontrolado fóra dos lugares establecidos para o efecto, sempre que constitúan un risco moi grave para as persoas e os seus bens, os recursos naturais e o medio ambiente.

c) A constitución de depósito, vertedoiros clandestinos ou carentes da garantía establecida nesta Ordenanza.

d) O abandono, vertido ou depósito incontrolado dos residuos excluídos desta Ordenanza, illadamente ou xunto aos recollidos nela.

e) A reincidencia en faltas graves.

5.- Para os efectos previstos nos apartados anteriores, enténdese por reincidencia a comisión no termo dun ano de máis dunha infracción da mesma natureza cando así se declarase por resolución firme.

Artigo 106.- Sancións

1.- As infraccións sancionaranse consonte ao seguinte cadro de multas pecuniarias:

A.- Infraccións leves:

Conduta infractora:	Multa:
Depositar cigarros ou obxectos prendidos nos colectores de toda clase.	120 €
Manipular ou seleccionar os restrollos ou residuos sólidos urbanos sitos nos colectores, producindo a súa dispersión, dificultando a súa recollida ou alterando os seus envases	150 €
Depositar os residuos sólidos urbanos nos colectores fóra do horario ou dos días establecidos nesta Ordenanza	50 €
O depósito dos residuos por parte dos produtores ou posuidores para a súa recollida sen os envases ou preparación requiridos pola Ordenanza ou as normas correspondentes ao tipo de residuo. En concreto, depositar o lixo e os desperdicios sen bolsa nos colectores ou na vía pública	150 €
Depositar os residuos sólidos urbanos (con bolsa) fóra dos colectores	90 €

B) Infraccións graves:

Realizar calquera clase de manipulación sobre os colectores, desprazalos, ou envorcalos, así como calquera outro acto que deteriore a súa presentación ou os faga inutilizables para a súa utilización	250 €
Depositar os residuos de obra nos colectores de lixo común	450 €
Depositar nos espazos públicos mobles, aparellos e obxectos inútiles para que sexan retirados polos camiións colectores da recollida domiciliaria	500 €

C) Infraccións moi graves:

O depósito de residuos clínicos nos colectores ou nas papeleiras	600 €
O vertido de produtos químicos, materias graxas, oleaxinosas, líquidos e calquera outro material non asimilable ou que sexa propio de vertedoiros industriais ou especiais	900 €

2.- Sen prexuízo das responsabilidades civís e penais nas que se puidera incurrir, que se esixirán pola vía procedente, dándose traslado á autoridade competente, e das medidas complementarias establecidas máis adiante, as infraccións a esta Ordenanza que non se inclúan no parágrafo primeiro sancionaranse da seguinte forma:

a) As leves, con multa de ata 750 € e apercibimento.

b) As graves, con multa de ata 1.500 €, clausura temporal, total ou parcial, das instalacións e cese temporal, total ou parcial, das actividades das que se trate.

c) As moi graves con multa de ata 3.000 €, clausura definitiva, total ou parcial, das instalacións e cese definitivo total ou parcial, da actividade.

3.- As multas son compatibles coas sancións de apercibimento e cese e peche temporais.

4.- Cando se impoñan sancións de carácter temporal será requisito previo para o reinicio da actividade que ocasionou a infracción a corrección das circunstancias determinantes da sanción.

Sección Terceira.- Infraccións en materia de animais

Artigo 107.- Infraccións

1.- Para os efectos desta Sección, será infracción administrativa o incumprimento das obrigas, prohibicións, requisitos establecidos no Título III, así coma o das condicións impostas nas autorizacións administrativas outorgadas ao seu amparo.

2.- A responsabilidade administrativa será esixida sen prexuízo da que puidera corresponder no ámbito civil ou penal.

3.- No caso de celebración de espectáculos prohibidos, incurrirán en infracción administrativa non só os seus organizadores senón tamén os donos dos locais ou terreos que os cederan, a título oneroso ou gratuito.

Artigo 108.- Clasificación das infraccións

- 1.- As infraccións clasifícanse en leves, graves e moi graves.
- 2.- Son infraccións leves:
 - a) O maltrato dos animais que non lles cause dor.
 - b) A venda, doazón ou cesión de animais a menores de catorce anos ou incapacitados, sen autorización de quen teña a súa patria potestade, tutela ou custodia.
 - c) A doazón de animais de compañía coma premio.
 - d) Non manter ao animal en boas condicións hixiénico-sanitarias.
 - e) Mantelos en instalacións inadecuadas.
 - f) Non facilitarlles alimentación adecuada ás súas necesidades.
 - g) A utilización de animais en traballos que os inmovilicen causándolles dor.
 - h) Exercer a venda ambulante de animais fóra de mercados e feiras autorizadas.
 - i) A carencia ou ter incompleto o arquivo das fichas clínicas dos animais obxecto de tratamento obrigatorio ou vacinación.
 - k) A posesión dun can non censado conforme ao previsto no artigo 80.2 desta Ordenanza.
 - l) O sacrificio de animais en lugares públicos.
 - m) Non recoller inmediatamente os excrementos evacuados por un animal de compañía na vía pública.
 - n) Calquera outra actuación que vulnere o disposto na lexislación aplicable así como o incumprimento das obrigas desta ordenanza que non estean tipificadas coma grave ou moi grave.
- 3.- Serán infraccións graves:
 - a) O maltrato de animais que cause dor ou lesións.
 - b) Mutilalos sen necesidade ou sen control veterinario.
 - c) Abandonalos.
 - d) A venda ambulante, reiterada, de animais en xeral, fóra dos establecementos, feiras e mercados legalmente autorizados.
 - e) A venda de animais salvaxes en cativeiro fóra dos establecementos autorizados
 - f) O incumprimento das obrigas sinaladas nos artigos 3º, 4º e 5º da Lei 13/1993, salvo que puidera cualificarse a infracción como moi grave.
 - g) O subministro de estimulantes non autorizados ou substancias que poidan atentar contra a saúde, excepto cando sexa por prescrición facultativa.
 - h) A non vacinación ou o non tratamento obrigatorio dos animais.
 - i) A venda de animais enfermos, excepto que sexa un vicio oculto, non coñecido polo vendedor.
 - k) A cría ou comercialización de animais sen cumprir os requisitos correspondentes.
 - l) Posuír animais perigosos sen as medidas de protección fixadas.
 - m) O incumprimento de calquera outra das condicións que se supoñen nas autorizacións administrativas
 - n) Deixar solto un animal potencialmente perigoso, ou non adoptar as medidas necesarias para evitar a súa fuxida ou extravío.
 - ñ) Incumprir a obriga de identificar ao animal
 - o) Omitir a súa inscrición no Rexistro.
 - p) Atoparse o can potencialmente perigoso en lugares públicos sen bozo ou non amarrado cunha cadea.
 - q) O transporte de animais potencialmente perigosos vulnerando o disposto no artigo 10 da Lei 50/1999.
 - r) A negativa ou resistencia a subministrar datos ou facilitar a información requirida polas autoridades competentes ou os seus axentes, en orde ao cumprimento das funcións establecidas nesta Ordenanza, así coma o subministro de información inexacta ou de documentación falsa.

s) Considerarase, así mesmo, como infracción grave a reincidencia en infracción leve, entendendo que existe tal reincidencia cando se comete unha infracción leve do mesmo tipo que a que motivou unha sanción anterior no prazo de trescentos sesenta e cinco días seguintes á notificación, requirirase que a resolución sancionadora adquirira firmeza.

4.- Son infraccións moi graves:

- a) O maltrato dos animais que lles cause a morte
- b) A organización e celebración de espectáculos, pelexas ou outras actividades con animais que impliquen crueldade ou maltrato ou poidan ocasionarlles sufrimentos.
- c) A venda de animais con enfermidades infectocontaxiosa coñecida.
- d) A venda de animais para experimentación sen a debida autorización ou a centros non autorizados.
- e) A esterilización ou sacrificio de animais sen control facultativo.
- f) A reiteración en faltas graves.
- g) Abandonar un animal potencialmente perigoso, de calquera especie e calquera can, entendéndose por animal abandonado, tanto aquel que estea preceptivamente identificado, coma os que non leven ningunha identificación sobre a súa orixe ou propietario, sempre que non vaian acompañados de ningunha persoa.
- h) Ter cans ou animais potencialmente perigosos sen licenza.
- i) Vender ou transmitir por calquera título un can ou animal potencialmente perigoso a quen careza de licenza.
- k) Adestrar animais para activar a súa agresividade ou para fins prohibidos.
- l) Adestrar animais potencialmente perigosos por quen careza do certificado de capacitación.
- m) A organización ou celebración de concursos, exercicios, exhibicións ou espectáculos de animais potencialmente perigosos, ou a súa participación neles, destinados a demostrar a agresividade dos animais.
- n) Considerarase, tamén, coma infracción moi grave a reincidencia en infracción grave, entendendo que exista tal reincidencia cando se comete unha infracción grave do mesmo tipo que a que motivou unha sanción anterior no prazo de trescentos sesenta e cinco días seguintes á notificación; requirirase que a resolución sancionadora adquirira firmeza.

Artigo 109.- Sancións

1.- As infraccións en materia de animais serán sancionadas de acordo co seguinte cadro de multas pecuniarias:

A.- Infraccións leves:

Conduta infractora:	Multa:
Pasear un animal sen portar as bolsas ou recipientes para a recollida das súas dexeccións, ao ser requirido da súa exhibición polos funcionarios da inspección, e sen que se teña producido aínda dexección do animal na vía pública.	50 €

B) Infraccións graves:

Deixar depositadas nas beirarrúas, xardíns ou outras zonas destinadas ao tránsito peonil as dexeccións dun animal	250 €
Acceder con cans e outros animais ás praias na época de baño	250 €
O depósito de animais domésticos mortos nos colectores de residuos, así coma o seu abandono nas vías públicas, ou a súa inhumación en terreos de dominio público	350 €

2.- Para as non expresamente tarifadas no cadro anterior, estarase ao seguinte, en canto sexa competente para a súa imposición o Alcalde:

- a) Infraccións leves, ata 250 €.
- b) Infraccións graves, ata 1.200 €.
- c) Infraccións moi graves, ata 2.400 €.

3.- Ademais das multas ás que se refire este artigo, os órganos competentes poderán impoñer as seguintes sancións accesorias:

- a) O peche temporal ou definitivo, respectivamente, para as infraccións graves e moi graves, do exercicio de actividades comerciais reguladas pola lei.
- b) A prohibición temporal ou permanente, respectivamente para as infraccións graves e moi graves, do exercicio de actividades comerciais reguladas pola lei.
- c) A incautación dos animais obxecto de actividades ilegais ou de abandono para calquera tipo de infracción.

d) No caso de federacións ou de calquera outra entidade non lucrativa, para infraccións graves ou moi graves, poderá suspenderse temporalmente, ou en casos moi graves definitivamente o exercicio das súas actividades.

e) A confiscación, comiso, esterilización ou sacrificio dos animais potencialmente perigosos.

f) A suspensión temporal ou definitiva da licenza para tenencia de animais potencialmente perigosos ou do certificado de capacitación do adestrador.

CAPÍTULO II.- PROCEDEMENTO SANCIONADOR

Artigo 110.- Normativa aplicable ao procedemento

O procedemento sancionador iníciase sempre de oficio, por providencia da Alcaldía ou da persoa ou órgano en quen delegue, ben por iniciativa propia ou como consecuencia de orde superior, petición razoada doutros órganos ou por denuncia, e axustarase ao establecido no R.D. 1398/1993, de 4 de agosto.

Artigo 111.- Competencias sancionadoras

É órgano competente para a imposición das sancións o sr. Alcalde-Presidente da Corporación, ou concelleiro ou órgano en quen delegue, salvo que resulte de aplicación normativa sectorial específica que reserve, pola cualificación da infracción, a devandita competencia a outro órgano da Comunidade Autónoma. Así, en materia de residuos sólidos urbanos deberase estar ao previsto na Lei 10/1997, de Galicia, e na Lei 10/1998, do Estado. En materia de animais, deberase estar ao previsto na Lei 1/1993.

Artigo 112.- Procedemento

1.- O procedemento sancionador dará comezo por resolución da Alcaldía ou persoa ou órgano en quen teña delegado, de oficio, por acta ou denuncia da inspección do servizo. Antes de decretar este comezo, poderase acordar a instrución dunha información reservada, a resultado da cal poderase acordar a efectiva ou, no seu caso, o arquivo das actuacións.

2.- Na resolución que acorde a incoación nomearase un/ha funcionario instrutor e un/ha secretario, notificaráselle ao inculpado, e aplicaranse as normas sobre abstención e recusación previstas na Lei 30/1992. Igualmente, sinalarase o órgano competente para resolver o procedemento e a norma de atribución de tal competencia.

3.- O instrutor ordenará a práctica de cantas probas e actuacións condúzan ao esclarecemento dos feitos e determinar as responsabilidades susceptibles de sanción, sendo a súa duración non inferior a 10 días nin superior a 30.

4.- Á vista das actuacións practicadas, formularase un prego de cargos no prazo máximo dun mes desde a incoación de expediente, comprendendo neste os feitos imputados, con expresión da infracción presuntamente cometida e das sancións que puideran ser de aplicación.

5.- O prego de cargos notificaráselle ao inculpado, concedéndolle o prazo de quince días hábiles para que poida contestalo, formulando cantas alegacións e presentando cantas probas considere adecuadas ao seu dereito.

6.- Contestado o prego de cargos polo inculpado, ou transcorrido o prazo para facelo, o instrutor formulará proposta de resolución, que se lle notificarán ao inculpado, para que, no prazo de quince días hábiles, poida alegar canto considere conveniente a súa defensa.

7.- O prazo de resolución será de 10 días, deberá ser esta motivada e deberanse resolver todas as cuestións formuladas no expediente.

8.- Transcorrido este prazo, producíranse ou non alegacións, remitirase a proposta de resolución, con todo o actuado, ao órgano que ordenou a incoación do procedemento, para que o resolva, con pronunciamiento expreso sobre as medidas provisionais que se acordaran no seu caso, e notificaráselle a resolución ao interesado.

Artigo 113. Graduación da contía das sancións

Para determinar a concreta contía das sancións, nos casos en que esta deba ser graduada por non estar determinada especificamente nos artigos anteriores, atenderase ás circunstancias concorrentes nos feitos que a motivaron, tales como:

- a) Grao de intencionalidade, non concorrendo cando non exista culpa grave ou dolo.
- b) Natureza da infracción.
- c) Capacidade económica do responsable.
- d) O beneficio obtido coa conduta.
- e) O recurso afectado.
- f) A reincidencia.
- g) A gravidade do dano producido, e, especialmente, a súa irreversibilidade.

- h) A natureza da infracción.
- i) Os factores atenuantes ou agravantes.

Artigo 114.- Execución forzosa das sancións

1.- Tanto o importe das multas pecuniarias coma o das responsabilidades administrativas poderán ser esixidos pola vía administrativa de constrinximento.

2.- No caso de se acordar a suspensión da multa ou as responsabilidades, o interesado estará obrigado a garantir o seu importe para que sexa efectiva a suspensión.

3.- Os órganos sancionadores poderán impoñer multas coercitivas cando transcorran os prazos sinalados no requirimento correspondente segundo o disposto na normativa de procedemento sancionador, sen que a contía de cada unha delas poida superar o 20 % da multa fixada para a infracción cometida.

Artigo 115.- Prescrición das infraccións

1.- A prescrición das infraccións producirase segundo establezan as normas sectoriais de aplicación. Se non sinalasen prazos, consonte co previsto na Lei 30/1992:

- a) Infraccións leves: 6 meses.
- b) Infraccións graves: 2 anos.
- c) Infraccións moi graves: 3 anos.

2.- O prazo de prescrición contarase dende o día no que se cometa a infracción.

3.- Interromperá a prescrición o inicio, con coñecemento do interesado, do procedemento sancionador, e restablecerase o prazo de prescrición se o expediente sancionador estivese paralizado máis dun mes por causa non imputable ao presunto responsable.

Artigo 116.- Prescrición das sancións

1.- A prescrición das sancións impostas producirase segundo establezan as normas sectoriais de aplicación. Se non sinalasen prazos, consonte co previsto na Lei 30/1992:

- a) Sancións leves: 1 ano.
- b) Sancións graves: 2 anos.
- c) Sancións moi graves: 3 anos.

2.- O prazo de prescrición das sancións comezará a contarse desde o día seguinte a aquel no que adquira firmeza a resolución pola que se impón a sanción.

3.- Interromperá a prescrición a iniciación, con coñecemento do interesado, do procedemento de execución, e volverá transcorrer o prazo se aquel está paralizado durante máis dun mes por causa non imputable ao infractor.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA

Aos procedementos iniciados antes da entrada en vigor da presente norma seralles de aplicación a normativa vixente no momento do seu inicio. No caso de non estaren rematados, seralles, non obstante, de aplicación, o réxime sancionador que resulte máis favorable ao interesado.

DISPOSICIÓN ÚLTIMA

A presente Ordenanza entrará en vigor unha vez publicado o anuncio de aprobación definitiva xunto co seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e transcorrido o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA

Unha vez entrada en vigor a presente Ordenanza, quedarán derogadas as seguintes Ordenanzas municipais:

- a) A Ordenanza Municipal para a tenencia de animais –BOP nº 240, do 19/10/2002-.
- b) A Ordenanza Municipal de limpeza –BOP nº 181, do 09/08/2005-.
- c) A Ordenanza Municipal de seguridade, salubridade, hixiene, limpeza e ornato de parcelas, solares e edificacións –BOP nº 251, do 02/11/2002.
- d) Cantas outras normas municipais contraveñan o nela disposto.